

Plan Anual do Departamento de Orientación

IES de Vilalonga
Curso 2022/2023

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Fundamentación teórica

1.2. Marco legislativo

2. Xustificación baseada no contexto

3. Análise de necesidades

4. Obxectivos

5. Planificación xeral e definición de accións prioritarias

5.1. Accións prioritarias (Circular 10/2010)

5.2. Planificación xeral

5.2.1. PLAN DE APOIO AO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

5.2.2. PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO E PROFESIONAL

5.2.3. PLAN DE ACCION TITORIAL

6. Estratexias de intervención

7. Recursos e temporalización

8. Avaliación e seguimento

9. Propostas de mellora

Anexo I: Plan de Intervención de Apoio Educativo (Pedagogía terapéutica)

1. INTRODUCCIÓN

1.1. FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA

O Plan de Orientación Educativa (POE), é un dos documentos de traballo do Departamento de Orientación (DO) creado para ofrecer desde cada centro unha resposta adecuada e de calidade axustada á complexa realidade do sistema educativo actual.

A orientación educativa e profesional é entendida no sistema educativo actual, como un proceso de axuda que está inserto na actividade educativa, e que ten como obxectivo o de contribuír ao desenvolvemento integral do alumno/a, co fin de capacitalo para unha aprendizaxe autónomo e unha participación activa, crítica e transformadora da sociedade.

Non se pode considerar a orientación como unha actuación periférica, levada a cabo de forma solitaria polo orientador/a, xa que tanto na súa planificación como no seu desenvolvemento, vense comprometidos a totalidade do profesorado e os órganos do centro.

Entendemos que a orientación consistirá nun proceso de análise e tratamento de situacións educativas, baseándose na axuda e asesoramento a toda á comunidade educativa.

Este proceso para ser eficaz ten que ser sistemático e planificado estando dirixido a tódolos sectores da comunidade educativa, xa que todos eles forman un sistema no cal as relacións establécense entre os seus membros (pais/nais, alumnos/as, profesores/as e persoal non docente), influíndo en tódolos demais e en si mesmos. Coordinar tódolos esforzos e asumir a responsabilidade de cada un dos membros do sistema educativo faise máis que necesario, imprescindible.

Polo tanto, a orientación deberá propoñer solucións educativas adaptadas ás características e necesidades do alumnado. Este obxectivo será imposible de conseguir se non se establece un plan de actuación conxunto entre tódolos sectores implicados no proceso educativo.

As actuacións deste Plan desenvólvense seguindo o modelo de programas, axustándose aos principios, segundo Rodríguez Espinar de prevención, desenvolvemento, e intervención social.

Todo este traballo, tal e como recolle o preámbulo da Ley Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, de Educación, debe de ir dirixido a dar respostas educativas ás características e necesidades do alumnado, posto que como xa recollía o documento do MEC “Orientación Educativa e Intervención Psicopedagóxica” (1990), a orientación debe contribuír á personalización da educación e axustar a resposta educativa, entendéndoa tamén como unha forma de responder á diversidade, sendo este un dos pilares básicos no noso sistema educativo.

A nivel legal, a orientación educativa e profesional na ensinanza secundaria queda vertebrada e desenvolta nos tres niveis que estruturan a organización escolar:

- na aula, a Acción Titorial.
- no centro, o Departamento de Orientación.
- servizos externos, Equipos de Orientación Específicos.

Todo isto baixo unha formulación sistémica de intervención, é dicir, orientación como proceso e responsabilidade compartida por todo o equipo docente, coordinada polo orientador/a e polos servizos externos de apoio.

1.2. MARCO LEXISLATIVO

- **Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Ley Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.**
- **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (cursos pares)
- **RD Lei 5/2016**, 9 decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da LOMCE, así como o **RD 562/17**, polo que se regulan as condicións para a obtención dos títulos de graduado en ESO e Bac e a **Resolución 9 de xuño** pola que se ditan instrucións para implantación do RE 562/17.
- **Real Decreto 217/2022**, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria (cursos impares).
- **Orde do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

- **Decreto 114/2010**, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional.
- **Orde 12 xullo 2011**, pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumna das ensinanzas de formación profesional inicial.
- **Orde 13 de Xullo de 2015** pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica.
- **Orde 20 marzo 2018**, pola que se regula a educación de persoas adultas e se establece o seu currículo.
- **Resolución 22 de xuño de 2022**, da Dirección Xeral de educación e Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional no curso 2022-2023.
- **Resolución do 26 de maio de 2022**, da secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.
- **Decreto 120/1998 do 23 de abril** (DOG do 27), polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e a **Orde 24 de xullo** (DOG do 31) que o desenvolve, xunto coas circulares anuais, regulan e dan coherencia á organización e funcións dos servicios de orientación na nosa comunidade.
- **Decreto 229/2011** do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Orde 8 de setembro de 2021**, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011.
- **Circular 8/2009** da Dirección Xeral de E, Formación Profesional e innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria obrigatoria.
- **Circular 10/2010** considera prioritarias que as actuacións da orientación educativa e profesional se enmarquen dentro dos seguintes ámbitos profesionais:
 - A **Lei 4/2011, do 30 de xuño**, de convivencia e participación da comunidade educativa.
 - O **Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro**, polo que se desenvolve dita Lei de convivencia.

2. XUSTIFICACIÓN BASADA NO CONTEXTO

Tanto para a planificación coma para levar a práctica un plan de orientación educativo contextualizado é necesario facer unha análise da contorna na que imos a desenvolver a nosa actividade, de cara a determinar as necesidades prioritarias do ámbito educativo e da orientación en particular en que nos desenvolvemos.

2.1. Contexto socioxeográfico e cultural

O I.E.S. de Vilalonga está emprazado no lugar a A Salgueira, na parroquia de Vilalonga, no Concello de Sanxenxo. A actividade turística transforma por completo, nos últimos anos, a fisionomía deste concello, converténdoo nos meses do verán no foco turístico mais importante das Rías Baixas. A poboación escolar básica é do Concello de Sanxenxo, aínda que tamén contamos con alumnado dos concellos de Meaño, O Grove, Cambados, Meis e Ribadumia.

Unha das características mais significativas do centro é a convivencia de diferentes etapas e niveis educativos, coa conseguinte diversidade de alumnado (características, idades, necesidades intereses e motivacións).

2.2. Contexto Educativo

Actualmente impártense no Centro as ensinanzas correspondentes a Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior na modalidade ordinaria e por adultos, FP Básica e Ensinanzas de Adultos para a obtención do Título de Graduado en ESO, distribuídos do seguinte xeito:

- 1º da E.S.O. (3 grupos): 70 alumnos/as.
- 2º da E.S.O. (3 grupos): 68 alumnos/as.
- 3º da E.S.O. (3 grupos): 65 alumnos/as.
- 4º da E.S.O. (2 grupos): 66 alumnos/as.
- 1º Bacharelato (5 grupos): 139 alumnos/as das modalidades de Ciencias e de C.Sociais e Humanidades.
- 2º Bacharelato (4 grupos): 110 alumnos/as de Ciencias e de C.Sociais e Humanidades.
- C.F.G.M. de Xestión Administrativa: 27+15 alumnos/as en dous cursos.
- C.F.G.M. de Electromecánica de vehículos: 24+18 alumnos/as en dous cursos.
- C.F.G.S. de Administración e Finanzas: 18+22 alumnos/as en dous cursos.
- C.B. de Mantemento vehículos: 14+20 alumnos/as en dous cursos.

· C.B. de Servizos administrativos: 7+11 alumnos/as en dous cursos.

· C.B. de Cociña e restauración: 9 alumnos no primeiro curso.

· Adultos (Módulo III): 5 alumnos/as (M-III).

· (A)- Xestión Administrativa: 10 alumnos/as

Con relación ao alumnado escolarizado no noso centro que presenta **N.E.A.E** destacamos as seguintes necesidades:

NEAE	CURSO	Nº ALUMNOS/AS	APOIOS
Discapacidade Intelectual	1ºESO	2	Adaptacións curriculares Reforzo educativo na aula Apoio PT Exención francés/reforzo en LG
Discapacidade Auditiva	1º CM Adm	1	Adaptacións metodolóxicas e materiais Protocolo Discapacidade Auditiva
TEA	2ºESO	2	Reforzo educativo na aula Apoio PT Exención francés/reforzo en LG Protocolo TEA
	3º ESO	1	Reforzo educativo na aula Agrupamento específico en MAT, LC, LG e FQ Protocolo TEA
	FPB	1	Reforzo educativo na aula Protocolo TEA
	1º BAC	1	Reforzo educativo na aula Protocolo TEA
	2º BAC	1	Reforzo educativo na aula Protocolo TEA
TDAH	1ºESO	3	Reforzo educativo na aula Apoio PT

			Exención francés/reforzo en LG Protocolo TDAH
	3ºESO	2	Reforzo educativo na aula Agrupamento específico en MAT, LC, LG e FQ Protocolo TDAH
	4ºESO	2	Reforzo educativo na aula Protocolo TDAH
	FPB	3	Reforzo educativo na aula Protocolo TDAH
	1ºBAC	1	Reforzo educativo na aula Protocolo TDAH
	2º BAC	1	Reforzo educativo na aula
D.A.	ESO	13	Adaptacións curriculares Reforzo educativo na aula Agrupamento específico en MAT, LC, LG e FQ Protocolo DEA
	FPB	2	Reforzo educativo na aula
	BAC- FP	2	Reforzo educativo na aula
Dislexia	1º ESO	3	
	3ºESO	1	
Altas Capacidades	2º ESO	2	Protocolo Altas Capacidades Enriquecemento curricular

*Esta é unha previsión de principio de curso cos datos que hai no Departamento, pode verse modificada ao longo do curso.

2.3. Constitución do Departamento de Orientación

Segundo as directrices establecidas no artigo 3 do Decreto 120/98, 23 de abril (DOG 27 de abril). Formarán parte do departamento de orientación do Instituto:

a. A orientadora do I.E.S. e xefa do departamento: Dna. Sara Gómez Camiña

b. A profesora de pedagogía terapéutica do IES: Dna. Carmen de la Maza Barros

c. O titor do ámbito científico-tecnolóxico:

d. O titor do ámbito socio-lingüístico:

e. A profesora de F.O.L.: Carmen Iglesias Torres

e. Os orientadores/as dos C.E.I.P.s adscritos ao IES de Vilalonga.

- CEIP de Nantes

- CEIP de Noalla

- CEIP Plurilingüe O Cruceiro

O departamento de orientación solicitará nos casos nos que considere necesario, a colaboración dos especialistas do Equipo de Orientación Específico (EOE) así como outros servizos externos ao centro.

✓ Realizaranse reunións de coordinacións cos membros do **dpto. de orientación** do propio centro.

✓ As reunións de coordinación cos dpto. de orientación dos **centros adscritos** serán trimestrais.

✓ A orientadora terá a hora de **atención ás familias** os martes a última hora da mañá, preferentemente vía telefónica ou presencial con cita previa (este horario poderase adaptar ás necesidades das familias).

3. ANÁLISE DE NECESIDADES

Calquera intervención educativa en xeral, e desde o departamento de orientación en particular, debe partir dunha avaliación previa das necesidades do contexto no que se vai a intervenir. Polo que, dende o departamento de orientación, tal e como se recolle nas funcións propias do mesmo reguladas no **Decreto 120/98 polo que se regula a orientación educativa e a Orde do 24 de xullo**, realízase unha análise do contexto, a través dos medios e recursos tanto cuantitativos como cualitativos cos que contamos.

Para a realización da avaliación de necesidades se deberá levar a cabo un contacto fluído e planificado cos distintos membros da comunidade educativa (profesorado, familias e alumnado) así como, ter en conta diferentes instrumentos e técnicas de recollida de información:

- Memorias dos departamentos didácticos e do propio D.O.

- Reunións de coordinación CCP
- Claustros
- Reunións do departamento de orientación
- Actas de avaliacións do curso anterior
- Avaliación dos documentos do centro
- Reunións formais e informais.

A nivel xeral as **necesidades do centro** poderían sintetizarse para o presente curso nas seguintes:

- Actuacións en relación á **promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos** que melloren a convivencia entre todos os sectores da comunidade educativa.
 - Fomentar a Cohesión do grupo no ámbito da titoría coordinada cós diferentes titores/as das diferentes etapas educativas.
 - Adaptar as actuacións do Programa TEI e Mediadores Escolares que se ven desenvolvemento ao longo dos últimos cursos en relación á situación de COVID.
 - Diseñar e poñer en práctica programas destinados á promoción da convivencia e á a solidariedade a través de campañas de acción solidarias entre o alumnado.
 - Potenciar accións que impulsen a inclusión, igualdade e no discriminación no trato e en especial no referente ao alumnado con discapacidade.
- Actuacións que dinamicen e actualicen as liñas xerais do **Plan de acción tutorial** do centro:
 - Colaborar co profesorado titor no desenvolvemento das medidas contempladas no PAT, incluíndo Programas de Educación Emocional e benestar en relación coa situación COVID.
 - Establecer unha liñas de actuación de continuidade e coordinación entre as diferentes titorías, en coordinación coa Xefatura de Estudos.
 - Manter contacto coas familias e os titores/as do alumnado do centro con relación aos recursos e posibilidades de TICS no ámbito familiar.
- Actuacións que teñen como obxecto a **atención á diversidade**
 - Asesorar ao equipo directivo sobre o contido do proxecto educativo e os documentos que o integran, especialmente sobre as medidas de atención á diversidade e a acción tutorial.

- Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- Axustar as propostas de apoio educativo á realidade de cada alumna/o, con intervencións inclusivas e orientadas polo potencial de aprendizaxe do alumnado. Utilización da aula virtual e medios telemáticos que favorezan a competencia dixital entre o alumnado NEAE.
- Asesorar aos departamentos nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das programacións de curso e das medidas de atención á diversidade, integrando unha metodoloxía de deseño universal do aprendizaxe.
- Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con NEAE.
 - Protocolos das medidas de atención á diversidade.
 - Establecemento de colaboración cos centros adscritos de educación primaria da zona, favorecendo o tránsito entre unha etapa e outra.
 - Avanzar na prevención das dificultades de aprendizaxe e o fracaso escolar.
 - Actuacións que promovan a participación e **implicación das familias** na vida do centro.
 - Coordinar reunións de seguimento coas familias.
 - Informar de todas aquelas actuacións do centro en relación ao proceso de ensino e aprendizaxe.
 - Potenciar os medios de comunicación telemáticos (abalar móbil, correo electrónico, aula virtual...)
 - Actuacións referentes a **orientación vocacional e profesional**.
 - Coordinar actuacións cos diferentes servizos da zona.
 - Favorecer a coordinación cos centros adscritos.
 - Actuacións que dinamicen e actualicen o **plan de orientación, co plan anual e a memoria**.
 - Todas estas actuacións adaptaranse ao establecido no Protocolo COVID.

4. OBXECTIVOS XERAIS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Os obxectivos xerais que o Departamento de Orientación asume pódense concretar fundamentalmente nos seguintes:

- a. **Impulsar e mellorar o funcionamento do departamento de orientación**, así coma dar a coñecer cales son as súas funcións e a relevancia que ten para o desenvolvemento integral do alumnado e para optimizar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- b. **Continuar co equipamento do departamento** de orientación con diferente material didáctico, bibliográfico e informático para o adecuado funcionamento do mesmo, potenciar o uso da aula virtual para o traballo directo e información de todo o alumnado.
- c. **Contribuír á personalización da educación** favorecendo desenvolvemento de tódolos aspectos da persoa concreta e individualizada.
- d. **Colaborar no logro dunha boa integración do alumnado** no centro educativo e no grupo de compañeiros/as, sobre todo nos momentos de transición: chegada ó centro, no paso dunha etapa a outra...
- e. **Previr as dificultades de aprendizaxe e contribuír a superalas** cando se produzan, axustando a resposta educativa ás necesidades particulares do alumno.
- f. **Coordinalas accións de orientación e titoría** do centro.
- g. **Resaltar os aspectos orientadores da educación**: “Orientación en e para a vida”, atendendo ó contexto real dos alumnos e ó futuro que poidan proxectar para sí mesmos, favorecendo a adquisición de aprendizaxes funcionais.
- h. **Favorecer os procesos de madurez persoal**, de desenvolvemento da propia identidade e dun sistema de valores.
- i. **Colaborar na toma de decisións relativas ó alumnado**, principalmente no relativo á promoción a outro nivel/etapa educativa; e as medidas educativas específicas a adoptar a nivel individual o co grupo de alumnos/as determinado.
- j. **Contribuír á axustada relación entre os distintos integrantes** da comunidade educativa.
- k. **Planificar, coordinar e desenvolver as actuacións que se organicen no centro para atender á diversidade** do alumnado, tanto as súas capacidades, intereses e motivacións como nas diferencias que poidan darse entre eles debido a súa orixe social e cultural.

l. **Promover a adecuada integración**, especialmente na acollida, ao novo alumnado do centro, así como a comunidade educativa en xeral.

m. **Potenciar a colaboración con outros departamentos de Orientación da zona educativa, co Equipo Específico, cos servicios educativos e asistenciais do Concello** e con calquera outra institución pública ou privada que poida contribuír á mellor formación do profesorado, pais e alumnos.

n. **Orientar e implicar ás familias** na educación dos seus fillos/as.

Estes obxectivos abarcan tres dimensións fundamentais do alumno/a: **Persoal**, a **Escolar** e unha dimensión **Vocacional**.

Para conseguir estes obxectivos planificamos o noso traballo en **tres liñas básicas de actuación**:

- Plan de apoio ó proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Plan de acción tutorial.
- Plan de Orientación Académica e Profesional

5. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DAS ACTUACIÓNS PRIORITARIAS PREVISTAS PARA O CURSO 2021-2022.

As estratexias de intervención que se propoñen dende o Departamento de Orientación, son:

- Integrar o plan de orientación na actividade xeral do centro, afondando na coordinación entre o profesorado e o departamento de orientación, contextualizado nel a situación actual na que nos atopamos de emerxencia sanitaria.
- Intervir levando a cabo as medidas de atención en cascada (das máis ordinarias as máis extraordinarias), tomando como referencia os principios de normalización e inclusión.
- Promover actuacións preventivas e recuperadoras se son precisas, partindo sempre do principio de prevención atendendo á diversidade en canto a diferentes modos de aprendizaxe axustando os medios, os tempos, os instrumentos e / ou procedementos de avaliación, ás circunstancias.
- Traballar en coordinación co equipo directivo e en coordinación cos titores/as e no asesoramento e seguimento das familias.

5. 1. ACTUACIÓNs PRIORITARIAS

Tras constatar a realidade do nosos centro e tendo en conta o disposto na Circular 10/2010, considéranse como actuación prioritarias do D.O, as seguintes, tendo en conta que estas se adaptaran ao contexto actual priorizando os aspectos emocionais, e de recursos que permitan adoptar diferentes medios e recursos de ensino-aprendizaxe.

5.1.1. Actuacións respecto ao profesorado.

- Colaborar, deseñar e implementar actuacións cos titores/as sobre o traballo que se realice nas titorías ó longo do curso e segundo as necesidades de cada grupo de alumnos/as.
- Asesoramento ao profesorado que o demande en cantas tarefas educativas e de seguimento do proceso de ensinanza / aprendizaxe se plantexen, facilitándolles os criterios de actuación, recursos e instrumentos necesarios.
- Asesorar e colaborar cos departamentos didácticos que o demanden na elaboración das súas programacións didácticas e sobre aspectos referidos ás medidas de atención á diversidade.
- Asesoramento e facilitación de instrumentos e materiais necesarios ao profesorado implicado na elaboración de Adaptacións Curriculares, Reforzo Educativo dos alumnos con necesidades educativas así coma outras medidas de atención á diversidade que se desenvolvan en cada unha das etapas educativas que imparte o centro.

5.1.2. Actuacións respecto ao alumnado.

- Elaboración ou actualización dos informes para aquel alumnado que se lle detecten n.e.e. e seguimento do proceso educativo e as medidas de atención á diversidade adoptadas en colaboración coa profesora de PT, titores/as e profesorado do grupo.
- Deseño e desenvolvemento das actividades recollidas na programación do departamento de orientación relativas á orientación persoal, escolar, vocacional e profesional do alumnado, así coma o seu proceso de inserción e participación no grupo, na dinámica xeral do centro, a través do Plan de Apoio ó proceso de ensinanza – aprendizaxe, PAT e POAP.
- Asesoramento e apoio puntual e individual segundo as demandas e necesidades que vai xurdindo ao longo do curso.

- Realización das Avaliacións Psicopedagóxicas cando sexan demandadas emitindo o conseguinte Informe Psicopedagóxico.
- Aplicación de instrumentos de recollida de información inicial (revisión de expedientes, avaliación inicial, cuestionario inicial) que permitan unha visión xeral do grupo e unha valoración das necesidades coa finalidade de planificar e priorizar as actuacións educativas.
- Participar nas avaliacións ordinarias e iniciais e colaboración cos titores/as e aportando información precisa do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.
- Asesorar en aspectos vocacionais, académicos e persoais a todo alumnado favorecendo a adaptación ao centro.
- Favorecer e acompañar na adaptación do alumnado que comeza novo no centro.

5.1.3. Actuacións respecto ós pais/nais

- Orientación sobre alumnos con necesidades educativas especiais e informar sobre as diferentes medidas de atención á diversidade do centro.
- Facilitar por medio de cartas, charlas, etc. o coñecemento do novo sistema educativo e futuras conexións académicas e posibilidades profesionais. (Charla informativa aos pais dos alumnos sobre optativas e modalidades de Bacharelato, oferta de FP, así como das novidades que se produzan en materias educativa e que afecten ao orientación académica e profesional dos seus fillos/as.
- Citacións ás familias individual e colectivamente, para que asuman responsabilidades na educación dos seus fillos/as en coordinación cos servizos sociais do Concello.
- Implicar ás familias no desenvolvemento educativo do seus fillos fomentando hábitos favorables dende o ámbito familiar.

5.1.4. Actuacións respecto ao centro

- Asesorar e participar na revisión e actualización dos documentos do centro PE, PAT e Plan de convivencia.
- Colaborar e participar na constitución da Comisión de Convivencia constituída no centro.

- Representar o departamento na Comisión de Coordinación Pedagóxica, asesorar sobre as medidas de atención á diversidade.
- Asistencia ás sesións de avaliación ordinarias e extraordinarias e colaborar no Consello Orientador ao final do curso.
- Asesorar e ofrecer recursos á comunidade educativa, que favorezan a posta en práctica de medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade que precise o alumnado.
- Asesorar e ofrecer recursos á comunidade educativa que favorezan a tolerancia e a mellora da convivencia.

5.1.5. Actuacións respecto a outros organismos

- Colaboración cos orientadores dos centros de procedencia do alumnado para obter os datos necesarios para abordar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Contacto e colaboración co Equipo de Orientación Específico provincial e cos outros Departamentos de Orientación da zona.
- Contacto con diferentes organismos de emprego, Consellerías, servicios de información á xuventude, universidade, asociacións, etc
- Colaboración e coordinación cos Servizos Universitarios da Comunidade Galega e diferentes Universidades USC (Campus de Lugo e Santiago), UDC (Campus de Ferrol e A Coruña), Universidade Vigo (Campus de Ourense, Vigo e Pontevedra).
- Contacto cos outros servicios da zona: Centro de saúde, Cruz Vermella, Centro de Información á Muller (CIM), Servizos Sociais e Educadora Familiar do Concello, Equipo de Prevención de Drogodependencias (SPAD), Asociacións e organizacións externas ao centro, Oficina de información xuvenil, Consello de Xuventude de Galicia, outras asociacións etc

5.2. PLANIFICACIÓN XERAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

PLAN DE APOIO Ó PROCESO DE ENSEÑANZA-APRENDIZAXE E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

INTRODUCCIÓN

No plan de apoio ó proceso de ensinanza-aprendizaxe recóllense e desenvolven as propostas relativas á atención á diversidade.

Atender e adaptarse a unha maior heteroxeneidade de capacidades, motivacións e intereses, ou o que é o mesmo, dar unha resposta educativa persoal e adaptada a cada un dos alumnos/as que se escolarizan nos diferentes grupos; constitúe a finalidade á cal encamiñanse as medidas de apoio recollidas neste plan. Dende o Departamento de Orientación tratarase de proporcionar un asesoramento directo ó profesorado para o desenvolvemento das correspondentes medidas de atención á diversidade e das estratexias a empregar.

Neste centro á **atención á diversidade**, ao longo deste curso, e debido a ter que respectar as indicacións establecidas no Protocolo COVID, concrétase nos seguintes ámbitos tanto de carácter ordinario como extraordinario:

- **OPTATIVIDADE** ao longo da etapa da ESO.
 - En **2º de E.S.O.** poderase escoller unha das seguintes materias de libre configuración do centro: Afondamento en francés, Reforzo en lingua galega, Educación financeira e Igualdade de xénero para 2º curso.
 - En **3º de E.S.O.** poderase escoller unha das seguintes optativas: 2ª lingua Estranxeira (francés), Cultura Clásica, Oratoria ou Educación Dixital.
 - En **4º de E.S.O.** poderase escoller entre dous itinerarios educativos:
- **A_ ENSINANZAS ACADÉMICAS**
- **B_ ENSINANZAS APLICADAS**
 - En Bacharelato poderán escoller entre Ciencias e Humanidades e Ciencias Sociais. Coas diferentes materias de modalidade, de opción e específicas.
- Organización de **APOIOS EDUCATIVOS**: a orientadora e a profesora de Pedagogía Terapéutica (P.T.) distribúen as horas dispoñibles tendo en conta ás necesidades do alumnado do centro priorizando á etapa de E.S.O

Para isto é preciso obter a información precisa sobre as necesidades do alumnado a través de diferentes fontes de información: expedientes académicos, información dos informes da etapa anterior, rexistro de recollida de información con diversos cuestionarios e aplicación de probas psicopedagóxicas durante as primeiras semanas do centro, resultados da avaliación inicial, co que se elaborará unha proposta á dirección do centro, priorizando o apoio educativo dentro da aula e son nos casos de medidas extraordinarias o apoio fóra da aula.

- No grupo de 1ºA e 1ºB co alumnado NEAE 6 sesións semanais distribuídas entre as materias instrumentais (lingua castelá, lingua galega e/ou matemáticas).
- Nos grupos de 2ºA e 2ºC co alumnado NEAE 5 sesións semanais distribuídas entre as materias instrumentais (lingua castelá, lingua galega e/ou matemáticas).

- **EXENCIÓN DA 2ª LINGUA ESTRANXEIRA:**

O alumnado que estea exento de Francés será atendido e apoiado pola profesora de lingua galega para reforzar os aspectos nos que presente dificultades académicas dentro do ámbito lingüístico, previo informe do titor/a da etapa anterior ou por proposta do equipo do centro en vista dos resultados da Avaliación Inicial.

Durante este curso vamos contar cun total de 22 alumnos/as que recibirán Reforzo nas Linguas a través da Exención da 2ª Lingua Estranxeira en 1º curso de ESO un total de 10 alumnos/as, e continúan recibindo esta medida en 2º curso de ESO un total de 12 alumnos/as.

- **REFORZOS EDUCATIVOS (RE)** por parte do profesorado nas propias materias que imparten co alumnado na aula, adaptación dos tempos e instrumentos de avaliación, grupos heteroxéneos, aprendizaxe por proxectos, tutoría entre iguais, aplicación dos protocolos en relación a ANEAE (TDAH, TEA, Trastorno e dificultades específicas de aprendizaxe, Altas capacidades, Discapacidade Intelectual, Discapacidade auditiva), estes reforzos serán levados a cabo polo propio profesorado da materia previa información ao titor/a e comunicado ás familias. Quedará constancia da medida no Expediente Académico a través de (RE).

- **ADAPTACIÓNS DO CURRÍCULO (AC).** Durante este curso prevese desenvolver A.C. no 1º e 2º cursos de ESO, para aquel alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe e posúe un desfase curricular significativo en relación ao seu currículo de referencia.

Dita medida extraordinaria previa información á familia, será autorizada pola Inspección Educativa, quedará constancia no Expediente Académica a través de (A.C.)

- **AGRUPAMENTO ESPECÍFICO EN 3º DA ESO:** nas materias de Lingua castelá, física e química, lingua galega e matemáticas. Destinado a alumnado que foi obxecto de reforzo en anos anteriores e con dificultades de aprendizaxe ou outras necesidades de apoio educativo.
- **PROGRAMAS DE INDIVIDUALIZADOS PERSONALIZADOS** destinado ao alumnado que promociona de curso con materias pendentes de cursos anteriores.
- **AULA DE CONVIVENCIA,** para aquel alumnado que interrompe reiteradamente o normal funcionamento na aula ordinaria, ao longo deste curso traballarase reflexión e a educación emocional.
- **PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS,** dirixido aquel alumnado que asiste a aula de convivencia.
- **PROTOCOLOS da Xunta de Galicia (educaconvives.gal)** para darlle respostas educativas a aquel alumnado no centro que presente ditas dificultades así como o asesoramento ao profesorado.
- **PROGRAMA INDIVIDUALIZADO REFORZO E RECUPERACIÓN** para o alumnado da ESO, BACHARELATO, CICLOS FORMATIVOS.

OBXECTIVOS

OBXECTIVOS XERAIS

- Optimizar os procesos de Ensinanza-aprendizaxe.
- Proporcionar ó alumnado estratexias de aprendizaxe para que poida aprender por sí so e se fomente o autoaprendizaxe e metacognición do aprendido.
- Evitar na medida do posible fenómenos indesexables como os de abandono, fracaso e inadaptación escolar, desmotivación ante as tarefas escolares.
- Previlas dificultades de aprendizaxe e asistilas cando xa se produciron favorecendo a autoestima e autoconcepto do alumnado.
- Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares dos alumnos mediante as oportunas adaptacións curriculares e medidas de reforzo.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Adoptar medidas organizativas sobre formas de agrupamento do alumnado.
- Organizar espazos e tempos que faciliten á atención á diversidade.
- Poñer en marcha medidas de prevención encamiñadas a crear un clima de relacións harmoniosas na aula.
- Detectar problemas de aprendizaxe e poñer en marcha medidas de reforzo.
- Fixar criterios para atender e dar resposta á heteroxeneidade de capacidades, intereses e motivacións do alumno, dende o currículo ordinario a través de medidas ordinarias, reforzos, desdobres, programas de recuperación.
- Seguir puntualmente a evolución académica e persoal do alumnado.
- Establecer contactos e vías de colaboración con diferentes entidades ou especialistas que poidan axudarnos ó desenvolvemento de programas ou actuacións concretas encamiñadas a unha mellor formación persoal e académica do alumnado.
- Colaborar cos titores/as na elaboración do informe individualizado así como nas sesións de avaliación.
- Avaliación conxunta co profesorado do desenvolvemento de programas e de medidas adoptadas ó longo do curso.

CONTIDOS:

- Medidas de atención á diversidade (reforzos educativos, apoios, adaptacións curriculares...).
- Asesoramento sobre NEAE á toda a comunidade educativa.
- Prevención de dificultades de aprendizaxe.
- Sesións de avaliacións iniciais, ordinarias e extraordinarias.
- Asesoramento á comunidade educativa sobre aspectos metodolóxicos e programacións didácticas e orientacións xerais.
- Avaliacións psicopedagóxicas, elaboración e revisións de informes psicopedagóxicos.

ACTUACIÓNS

As actividades do plan concrétnanse nos distintos niveis: centro, profesorado, alumnado e pais/nais.

a) RESPECTO AO CENTRO

- Colaborar coa Comisión de Coordinación Pedagóxica nos temas relacionados coa Atención á diversidade e impulsar a inclusión de temas transversais.

- Fomentar a comunicación entre os distintos profesores que interveñen nun mesmo grupo de alumnos mediante reunións de titores, de equipos docentes, etc.

- Elaborar aspectos do Plan de Atención á diversidade incorporado no proxecto educativo.

b) RESPECTO AO PROFESORADO

- Asesorar sobre criterios metodolóxicos que poidan previr dificultades de aprendizaxe como poden ser referidos a: agrupamentos, organización dos espazos, distribución do tempo, etc...

- Participar na elaboración de adaptacións curriculares do alumnado.

- Animar á utilización de criterios e procedementos para o seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

c) RESPECTO AO ALUMNADO

- Prevención, detección e coordinación do tratamento das dificultades de aprendizaxe:

- Avaliación inicial para coñecer a competencia curricular e destrezas básicas do alumnado.

- Intervención nas sesións de avaliación e reunións dos equipos docentes.

- Asesoramento, sobre a situación académica-persoal e sobre o futuro académico e profesional.

- Realizar a avaliación psicopedagóxica de aqueles alumnos que se considere necesario.

d) RESPECTO AÓS PAIS/NAIS

- Orientacións sobre alumnos con necesidades educativas.

- Informar ós pais/nais de cales son as condicións ambientais necesarias para que os seus fillos poidan realizar as actividades de estudo no seu fogar.

- Facilitar por medio de cartas, charlas, etc. o coñecemento do novo sistema educativo e futuras conexións académicas e posibilidades profesionais. (Charla informativa aos pais/nais do alumnado sobre optativas: alternativas ó finalizar a E.S.O., alternativas para aqueles rapaces que non acadan o título da E.S.O., modalidades de Bacharelato, Ciclos de F.P. FP Básica).

- Orientacións ás familias individual e colectivamente, para que asuman responsabilidades na educación dos seus fillos/as.

- Implicar aos pais/nais en actividades de reforzo e apoio educativo

INTRODUCCIÓN

Os alumnos que cursan a E.S.O., o Bacharelato ou ciclos formativos así como aquel alumnado de ESA, teñen que tomar dentro dos distintos itinerarios diferentes decisións de carácter vocacional que van afectar de xeito importante ó futuro das súas vidas. É por elo, necesitan orientación académica e profesional.

O proceso de toma de decisións nestas etapas esixe que o alumnado integre a representación de si mesmo e a representación que posúe do mundo socio-laboral, confrontando ambos tipos de representacións.

Conforme o alumnado vai adquirindo maior madurez persoal e vocacional, e obtendo maior información, tomará decisións de maior transcendencia, véndose obrigado a reorientar decisións anteriores, ou a realizar outras novas. O proceso constitúe unha situación de procura permanente de equilibrio, cuxo mantemento precisa de novas informacións e continuas tomas de decisións. Durante este curso adoptárase medidas de información e asesoramento adecuándonos a situación sanitaria, o que pode influír nas actividades complementarias que se puideran desenvolver dende o ámbito.

OBXECTIVOS

OBXECTIVOS XERAIS:

- Axudar ao alumnado ao coñecemento de si mesmo, así coma das estruturas do Sistema Educativo e do ambiente socio-laboral e profesional.
- Ensinarlle un método de aprendizaxe que lle permita coñecer os aspectos anteriores e analizar a conducta vocacional. Proporcionarlle ó alumno medios necesarios para que acadese: Aprendizaxe en habilidades de búsqueda e tratamento de información.
- Fomentar no alumnado a capacidade de tomar decisións, analizando de forma crítica a súa situación persoal e valorando as vantaxes e inconvenientes de cada unha das alternativas.
- Loitar contra os estereotipos sexuais ou calquera outro tipo de discriminación sociolaboral.
- Facilitar a transición á vida adulta do alumnado, proporcionándolle estratexias útiles para a inserción na mesma.

- Proporcionarlle ó alumno e a súa familia, informacións sobre a situación actual e tendencias do mercado de traballo.
- Colaborar cos titores/as na elaboración do consello orientador.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Axudar ó alumno a coñecer e distinguir as súas aptitudes, preferencias e intereses.
- Proporcionar información sobre as saídas da ESO: Ciclos Formativos de F.P., FP Básica, Bacharelato e ESA é facilitar a inserción ao mundo laboral.
- Fomentar o desenvolvemento de habilidades para que analicen as características de cada profesión, así coma cualidades que se esixen para o exercicio da mesma.
- Axudarlles á adquirir destrezas de búsqueda de emprego e toma de contacto co mundo laboral.
- Familiarizar ao alumno cos problemas que atopará na súa nova relación laboral (contratos, salarios, etc.).
- Proporcionarlles información básica en relación con oposicións, concursos, creación dunha empresa, etc.
- Informar ás familias sobre o desenvolvemento do programa e sobre as opcións que se lles presentan os seus fillos ó terminar a E.S.O.

MOMENTOS RELEVANTES

Aínda que a orientación académica e profesional é un proceso que se desenvolve durante toda a secundaria, para este curso 2020/21 marcamos como momentos de especial relevancia:

- **1º ESO**, O comezo da nova etapa educativa e adaptación ao novo instituto.
Actividades de acollida ao centro en colaboración cos centros adscritos ao longo do curso.
- **2º ESO**, desenvolverase ó longo do 3º trimestre e a información centrarase nestes aspectos:
 - As optativas en 3º curso e a elección das matemáticas aplicadas/ académicas.
 - Medidas de atención á diversidade que se poden atopar.
 - A FP BÁSICA

- **3º ESO**, ademais da información anterior, ampliarase o campo de información aos diferentes itinerarios de 4º curso e a súa vinculación coa FP ou aos Bacharelatos. Na elección de optativas deberán ter en conta a súa vinculación con estudos posteriores: Ciclos formativos de grao medio e diferentes modalidades de bacharelatos. Así como probas de acceso ou outros vías para continuar estudos.
- **4º ESO**, realizarase un programa de toma de decisións complementando a orientación vocacional ó longo do 3º trimestre, para axudar na elección de bacharelatos, F.P. vinculación con estudos posteriores de FP e Universidade ou traballo laboral se plasmará no consello orientador de final de etapa aqueles aspectos máis vinculantes a curto prazo, facendo especial fincapé na determinación do itinerario de bacharelato como posible vinculación con estudos superiores.
- **Bacharelatos**, diferentes modalidades de bacharelato e asesoramento no 2º curso con referencia ao acceso á universidade e as ABAU.
- **Ciclos formativos**, asesoramento e acercamento ao mundo do traballo e a inserción sociolaboral así como a continuación dentro do sistema educativo.
- **FP Básica**, favorecer o seu desenvolvemento persoal e social así como a inserción no mundo laboral ou a continuación no sistema educativo. Favorecer mecanismos que lle proporcionen ferramentas para o desenvolvemento dos procesos de ensino e aprendizaxe.
- **ESA**, asesoramento con relación aos diferentes itinerarios que ofrece o sistema educativa e a posibilidade de compaginar estudos coa súa persoal de cada un.

CONTIDOS

Organizaranse en torno a cinco eixos principais:

* O **autocoñecemento**, como me vexo e como me ven, que me gusta, que se me da ben, que quero ser, valores, expectativas da miña familia.

- Aptitudes, habilidades, etc.
- Valores, intereses e motivacións.
- Personalidade, autoestima, actitudes.
- Aspiracións, expectativas, proxectos, aficións.
- Situación familiar, socio-económico e cultural.

* **Coñecemento do sistema educativo**: itinerarios formativos e axudas.

-Itinerarios académicos e profesionais
-Probas de acceso libre para a obtención de diferentes titulacións: ensinanza, secundaria, F.P.

-Requisitos de ingreso nas diferentes posibilidades.

-Bolsas de axuda para o estudio.

*** Coñecemento do mundo laboral:**

-Perspectivas do emprego, perfil profesional, relacións laborais (tipos de contratos, lexislación laboral).

-Estrutura dos sectores produtivos, o tecido empresarial, o mercado sectorial de traballo e as perspectivas de colaboración.

-Profesións, ocupacións, monografías profesionais

-Fontes de emprego, sectores e profesións con maior demanda laboral

*** Toma de decisións**

-Factores que inflúen na toma de decisións

-Solución de problemas decisoriais

-Técnicas e estratexias para afrontar a incertidume e a complexidade.

*** Procesos de inserción socio-laboral:**

-Métodos, técnicas e estratexias de búsqueda de emprego.

-Elaboración de documentos profesionais, que se pode presentar na búsqueda activa dun emprego (instancia, carta de presentación, currículum vitae) organismos que poden axudar (INEM, sindicatos, Admons,...)

-Posibles probas de selección a superar para a búsqueda dun posto de traballo (entrevista de selección, test psicotécnicos, etc.)

-Traballo por conta propia e por conta allea

ACTUACIÓNS

A) RESPECTO AO CENTRO

- Propoñer actividades complementarias, extraescolares e culturais, que faciliten a información sobre diferentes campos profesionais.
- Expoñer no taboleiro a información académica e laboral de interese para o alumnado.
- Actualizar a páxina web do centro con información de interese.

B) RESPECTO AO PROFESORADO

- Contemplan a dimensión práctica das materias curriculares e a súa posible relación cun futuro profesional.
- Coordinar as opinións do equipo educativo e o titor/a á hora de elaborar o Consello Orientador.
- Coordinación co profesorado de FOL para o desenvolvemento de actuacións conxuntas.

C) RESPECTO AO ALUMNADO

- Adestramento en técnicas de documentación e consulta (guías, folletos, publicacións, etc.).
- Elaboración e análise do organigrama do Sistema Educativo e de posibles opcións ó término do curso ou etapa.
- Documentación da oferta educativa do centro e informe sobre materias optativas.
- Documentación con información sobre centros (oferta educativa, direccións, teléfonos, etc.)
- Análise da actividade económica local e rexional (mapas con sectores de actividade, informes de prensa, etc.)
- Contactos con traballadores. Charlas de profesionais. Visitas a empresas.
- Aplicación de cuestionarios de exploración de intereses, aptitudes, personalidade, valores, etc.
- Análise de vantaxes e inconvenientes das distintas opcións educativas e profesionais examinando as que mellor se axusten ás posibilidades e preferencias persoais.
- Entrevistas co titor/Dpto. Orientación no caso de alumnos con alto grao de incertidume (indecisos).

D) RESPECTO AÓS PAIS E NAIS

- Informarlles da formación que están recibindo os seus fillo/as no centro.
- Proporcionarlles información acerca das distintas opcións educativas e profesionais dos seus fillos.
- Promover a formación acerca de como poden asesorar mellor os seus fillo/as en canto a súa formación académica e futuro profesional.

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

INTRODUCCIÓN

O Plan de Acción Titorial é a planificación específica das actividades que son propias dos profesores/as-titores/as.

O P.A.T. debe asegurar que as decisións globais tomadas no P.E. se axusten á realidade de cada grupo e alumno. A coherencia educativa no centro e a concreción dos valores expresados no P.E.C. serán os seus obxectivos prioritarios.

Hai un profesor-titor por cada curso que ten unhas determinadas responsabilidades e tarefas respecto ao seu grupo de alumnos. Sen embargo, todo o profesorado debe implicarse na acción titorial, xa que está influíndo constantemente sobre o alumnado na forma de construír o seu autoconcepto, elaborar expectativas e trazar o seu proxecto de vida. A tarefa educativa, e dicir, a responsabilidade de axudar ós alumnos/as na súa maduración debe ser asumida por todo o equipo educativo, constituíndo o PAT unha peza clave desta acción no centro, como documento no cal se especifican os criterios procedementos para a organización e funcionamento das titorías.

A figura do titor/a implica desenvolver á acción titorial dunha forma máis intensa e especializada, exercendo algunhas tarefas educativas nas que non pode ser substituído polos demais profesores/as, aínda que precisará da coordinación cos diferentes axentes educativos e especialmente co equipo docente.

O desenvolvemento da acción titorial deberá abordar os seguintes aspectos:

- a) Coñecemento e seguimento persoal do alumno (aptitudes e capacidades, intereses e motivacións, grao de responsabilidade).
- b) Relación co grupo-clase. Deberanse poñer en marcha estratexias para lograr un clima de aula axeitado.
- c) Relación coas familias. Intentarase coñecer as expectativas das familias con respecto os seus fillos, como conciben a educación e o centro.
- d) Relación co equipo docente. Deberase incidir na coordinación das respostas educativas que o equipo docente aporte desde as súas distintas programacións.

OBXECTIVOS

OBXECTIVOS XERAIS:

Os obxectivos xerais que pretendemos son:

- Impulsar o desenvolvemento psicosocial dos alumnos.
- Optimizar os procesos de ensinanza-aprendizaxe.
- Coordinar a acción educativa do equipo docente.
- Orientar os pais e nais na súa labor educativa.
- Facilitar ó alumnado e ás familias a toma de decisións sobre as diversas opcións académicas e vocacionais.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

Os obxectivos xerais é necesario concretalos en función de varios factores: etapa educativa, características do centro, necesidades educativas, experiencia titorial, etc. Neste caso para a súa exposición tomamos como referencia as etapas educativas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS NA E.S.O. e FP BÁSICA :

- Facilitar a integración do alumno na etapa e no grupo.
- Desenvolver a un nivel adecuado o autoconcepto e autoestima.
- Desenvolver a madurez vocacional, asesorando na toma de decisións tanto a nivel de optatividade como de que facer ó finalizar a E.S.O.
- Exercitar habilidades e destrezas para a toma de decisións.
- Coñecer as características persoais, familiares e socioambientais do alumnado.
- Observar de xeito progresivo e sistemático, a través de rexistros e escalas de observación, as diferentes conductas, rasgos e estilos de aprendizaxe do alumnado, arquivando toda a información na carpeta-expediente de cada alumno.
- Detectar dificultades nos aprendizaxes instrumentais, especialmente nas estratexias metacognitivas.
- Facilitar a reflexión do alumnado sobre os seus propios procesos de aprendizaxe.
- Coordinar as respostas educativas adecuadas ás dificultades de aprendizaxe que se produzan no grupo-clase.
- Proporcionarlles información ás familias sobre a marcha dos seus fillos.
- Asesorar ós pais nos conflitos ou situacións problemáticas que poidan ter cós seus fillos.

CONTIDOS.

- ❖ Coñecemento das NOF
- ❖ Clima de aula e normas da aula
- ❖ Tutoría entre iguais
- ❖ Participación na vida do centro.
- ❖ Coñecemento do grupo.
- ❖ Programa de Estratexias Metacognitivas.
- ❖ Resolución de conflitos
- ❖ Educación emocional e HHSS
- ❖ Igualdade entre mulleres e homes
- ❖ Prevención en drogodependencias
- ❖ Perigos co uso de redes sociais e móbil

ACTUACIÓNS

A planificación de actividades titoriais dependerá de maneira directa da etapa educativa e das características do centro (o noso centro e os adscritos).

As actividades estarán estruturadas por trimestres para todo o curso:

PRIMERO TRIMESTRE:

- Actividades de acollida ou recepción dos alumnos: Estas actividades adaptaranse á situación COVID:
 - Presentación do profesor-titor do grupo de alumnos e do horario a seguir.
 - Coñecemento do centro.
 - Normas da aula e centro.
 - Reunión informativa cos pais e nais.
 - Reunión inicial cós pais e nais comunicándolles as normas básicas do funcionamento do centro-aula.
- Elección democrática dos delegados da clase.
- Actividades de coñecemento do grupo-clase:
 - Recompilación de información sobre a identidade e antecedentes académicos dos alumnos.
 - Cuestionario de información académico, social e familiar.

- Observación sistemática e Entrevistas individuais.
- Sociograma e Dinámicas individuais de intercambio de información entre os alumnos da clase.
- Programa TEI nas titorías para traballar aspectos sobre educación emocional, autoestima, autoconceito e habilidades sociais.
- Colaboración co grupo de convivencia do centro na Titorización Emocional (TIPE) ao alumando que o precise e a Mediación Escolar, para a resolución pacífica de conflitos.
- Programa preventivo de dificultades de aprendizaxe das técnicas básicas, motivación e estratexias metacognitivas.
- Colaboración nas conmemoracións que desenvolvan dende o centro ao longo do curso.
- Preparación da sesión da avaliación.
- Reflexión sobre os resultados e propostas de mellora.

SEGUNDO TRIMESTRE

- Actividades relacionadas cos resultados da avaliación:
- Posta en marcha de cambios nos programas en relación cos resultados da avaliación realizada a nivel de grupo.
- Adaptación de novas medidas de atención á diversidade por parte do profesorado co alumnado.
- Contactos individuais cos pais, cando corresponda, para solicitarlles a súa colaboración no apoio.
- Programa psicosociais coa Asociación Avante na ESO e FPBásica para traballar contidos Drogodependencia e Presión de Grupo.
- Programa de igualdade e prevención da violencia de xénero
- Charlas informativas sobre os riscos do uso das TICS e novas tecnoloxías.
- Inicio do programa de orientación académica e profesional sobre o SUG con charlas informativas.
- Preparación da sesión da avaliación.
- Reflexión sobre os resultados e propostas de mellora.

TERCER TRIMESTRE

- Actividades relacionadas cos resultados da avaliación.

- Continuación dos programas iniciados no segundo ou no seu caso dos iniciados no primeiro trimestre que non finalizaran.
- Plan director de convivencia nos centros educativos sobre charlas informativas sobre diferentes temáticas.
- Programa de Orientación Vocacional, centrándose especialmente en toma de decisións vocacionais ó finalizar a E.S.O. e itinerarios académicos e profesionais.
- Comezo do Plan de Acollida co alumnado dos centros adscritos de Educación Primaria. Visita ao centro e charlas informativas sobre a nova etapa ESO.
- Asesoramento grupal e individual ao alumando das diferentes etapa sobre aspectos do POAP(elección de itinerarios, materias, vías, modalidades, acceso FP, acceso á universidade...) emprego da aula virtual e recursos tecnolóxicos.
- Preparación dos Consellos Orientadores cos titores/as.
- Preparación da sesión da avaliación.

A continuación se presenta unha proposta de actividades para desenvolver na hora de titorías na ESO e FP Básica. Tanto a organización semanal como as actividades (que inclúen as específicas do TEI), estarán colgadas na aula virtual do instituto, a disposición dos titores.

			1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1º FPB	2º FPB		
Septiembre	Semana 1	12-16/09	Benvinda e explicación de normas de control coñecemento grupo							Organización
	Semana 2	19-23/09	Elección do delegado							TEI
	Semana 3	26-30/09								Igualdade
Octubre	Semana 4	3--7/10	Reproducción de un dibujo	Resolución de conflictos	La ciudad Beleaguere d					Commemoracións
	Semana 5	10-14/10	10/10-Día mundial da saúde mental							Benestar
	Semana 6	17-21/10	Oreillas de elefante	Detectives de emocións	Mochila dos recordos	Mochila dos recordos	Mochila dos recordos	Mochila dos recordos		Habilidades sociais
Noviembre	Semana 7	24-28/10	Sé ti mesmo	A miña verdade	As vantaxes de ter outra perspectiva					Orientación vocacional
	Semana 8	7--11/11								Técnicas de
	Semana 9	14-18/11	¡Quédate fuera!	El accidente	Tempo compartido	Tempo compartido	Tempo compartido	Tempo compartido		Drogas
Diciembre	Semana 10	21-25/11	25-N							
	Semana 11	28/11-2/12	Cadea de favores	As pequenas diferenzas	Cousas que se aprenden lanzando bolas					
	Semana 12	12-16/12	Día das persoas con discapacidade							
Enero	Semana 13	19-22/12								
	Semana 14	9-13/01	Pechando os ollos	Pechando os ollos	Pechando os ollos	Pechando os ollos	Pechando os ollos	Pechando os ollos		
	Semana 15	16-20/01	Porque si	As tres formas de dicir as	Desde onde escoito					
Febrero	Semana 16	23-27/01	Juego de las misiones	Fortaleciendomi	Mejor con asertividad	El termómetro de valores				
	Semana 17	30/01-								
	Semana 18	6--10/02	Adiviña quen	Adiviña quen	Adiviña quen	Adiviña quen	Adiviña quen	Adiviña quen		
Marzo	Semana 19	13-17/02	A túa árbore	Deixar de ser observadore	Desde onde falo	Mi perfil profesional		Mi perfil profesional		
	Semana 20	27/02-03/03				Mitos e realidades	Mitos e realidades	Mitos e realidades		
	Semana 21	6--10/03	8M							
Abril	Semana 22	13-17/03	Olimpo	Olimpo	Receita da felicidade	Receita da felicidade				
	Semana 23	20-24/03	A flor da autoestima	Etiquetas	Porque si					
	Semana 24	27-31/03								DÍA TRANS
Abril	Semana 25	10-14/04	1. Concepto de salud 2. Hábitos alimentación	1. Concepto de salud 2. Factores que determinan la salud	1. Concepto de salud 2. Salud y fenómenos de masas	1. Concepto de salud 2. Las dimensiones de la salud	1. Concepto de salud 2. Las dimensiones de la salud	1. Concepto de salud 2. Las dimensiones de la salud	7/04-Día mundial da saúde	
	Semana 26	17-21/04	22/04-Día mundial da Terra							
	Semana 27	24-28/04	O cabalo	O noso papel	Queda prohibido	Charla Orientación Laboral		Charla Orientación Laboral		
Mayo	Semana 28	1--5/05			Errores de comunicaci					
	Semana 29	8--12/05	Cada ovella coa súa parella	Cada ovella coa súa parella	Cada ovella coa súa parella					
	Semana 30	15-19/05		Mitos sobre el género	Ventajas y desventajas M-H	Sexismo en publicidad				
	Semana 31	22-26/05	Heroe anónimo	O paquete de galletas	Unha amizadeira duradeira	Entrevista laboral		Entrevista laboral		
	Semana 32	29/05-2/06			Un paseo relaxante	Un paseo relaxante	Un paseo relaxante	Un paseo relaxante		
Junio	Semana 33	5--9/06	Planeta perfecto							5/06-Día m
	Semana 34	12-16/06								

*Esta proposta é provisional e será modificada e ampliada ao longo do curso

6. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

As actuacións de orientación realizaranse a través dos tres ámbitos seguindo como principios básicos: planificación, curricularidade, prevención, sistematización, inclusión e igualdade de oportunidades. Ditas actuacións canalizaranse por medio das distintas áreas, titorías, actividades extraescolares e complementarias, asesoramento grupal e individual de forma presencial ou telemática. Algunhas das nosas responsabilidades ou actuacións serán:

1. Tendo en conta a situación actual COVID priorizarase a actualización e funcionamento para todo o alumnado da aula virtual a través dos correspondes cursos virtuais, a páxina web do centro, correo electrónico, foros de opinión así como todos aqueles recursos tecnolóxicos que podamos aplicar ao longo do curso.
2. Colaboración nos distintos programas tendo en conta as aportacións dos distintos titores, sensibilizando á comunidade educativa da necesidade de desenvolvelo.
3. Asesoramento e apoio ó equipo directivo, ós profesores e titores nos aspectos de maior “responsabilidade” que hai que desenvolver durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe (distribución de espazos, tempos e grupos dentro da aula, principios metodolóxicos en que basearse, deseño de actividades, principios da avaliación, desenvolvemento dos contidos actitudinais e procedimentais, detección de posibles problemas ou necesidades,..)
4. Coordinación de diferentes actividades e actuacións nos distintos ámbitos.
5. Proporcionar recursos para desenvolver as diferentes actividades escolares.
6. Intervención directa en actividades concretas dirixidas ós alumnos:
 - Avaliación psicopedagóxica.
 - Actividades de carácter especializado, como aplicación de probas
 - Actividades dirixidas ás familias, para facilitar a súa colaboración e implicación na educación dos seus fillos.
 - Sobre todo, cando as actuacións que se dirixiron dende o primeiro nivel de Orientación non responderon as súas necesidades, asesoramento e/ou intervención individualizada.

7. RECURSOS E TEMPORALIZACIÓN

7.1. RECURSOS

Recursos materiais:

Recursos materiais existentes e co labor de dotar o departamento dos materiais necesarios para desenvolver os obxectivos propostos no Proxecto de Orientación.

Recursos persoais:

Dentro dos recursos persoais contamos cos recursos internos, que son os titores/as e o profesorado que intervén directamente cos alumnos/as nas distintas materias curriculares.

O centro conta unha mestra especialista en Pedagogía Terapéutica e a Orientadora do centro.

Entre os recursos externos ó centro destacamos o Equipo de Orientación Específico, Servizos sociais do concello, Centro de formación e recursos, Asociacións diversas en relación cas necesidades educativas dos alumnos, Saúde Mental USMI-X, etc.

Recursos organizativos:

- Os diferentes membros do departamento de orientación reuniranse mensualmente, aínda por determinar.
- Polo menos unha vez ó trimestre, reuniremonos coas orientadoras dos centros de Educación Primaria adscritos.

7.2. TEMPORALIZACIÓN:

As actuacións xerais propostas levaranse a cabo ao longo de todo o curso, podéndose distribuír de maneira máis secuenciada trimestralmente, que abarca cada curso académico:

1º trimestre

- Constitución do Departamento de orientación. Actualización do taboleiro e Aula Virtual.
- Actualización de Plan Anual de Actuación seguindo as directrices da CCP.
- Elaboración de horarios dos membros do departamento (PT e Orientadora).
- Revisión dos informes do alumnado que se incorpora novo ao centro así como coordinación cos xefes/as do departamento de orientación dos centros de procedencia.
- Programa de acollida no novo alumnado de E.P. a ESO. Seguindo o Protocolo COVID

- Xornada de presentación do curso coas familias e información sobre as características da etapa educativa dos seus fillo/as. Seguindo o Protocolo COVID
- Participación na avaliación inicial aportando datos significativos de aquel alumnado que presente ANEE.
- Desenvolvemento e organización das medidas de atención á diversidade para dar respostas as necesidades educativas do alumnado seguindo as referentes circulares de atención á diversidade.
- Desenvolvemento das actuacións contempladas na acción tutorial para a ESO e FPBásica.
- Reunións trimestrais cás familias dos alumnos/as que presentan necesidades educativas para aportarlle a información da súa evolución así como as orientacións que se consideren oportunas.
- Participación e preparación das sesións de avaliación e asesoramento aos titores/as de grupo así como a o profesorado en xeral.

2º trimestre

- Análise dos resultados da 1ª avaliación, establecemento de medidas de atención á diversidade ou modificación das novas incorporacións ás mesmas.
- Asesoramento ao profesorado no desenvolvemento das sesións de tutorías e aportación dos recursos necesarios.
- Información ás familias sobre a evolución escolar do alumno con NEAE así como as orientacións que se consideren oportunas.
- Desenvolvemento de actuacións con relación ao PAT (prevención drogodependencias, prevención uso das tics, universidade, charlas plan director...)
- Programa de orientación vocacional con todo o alumnado especialmente cos alumnos/as de cuarto curso de ESO e segundo de bacharelato.
- Participación e preparación das sesións de avaliación.

3º trimestre

- Análise dos resultados acadados na 2ª avaliación
 - Asesoramento ao profesorado no desenvolvemento das sesións de tutorías e aportación dos recursos necesarios.

- Continuación das sesións adicadas a toma de decisións, actitudes emprendedoras, opcións e itinerarios académicos (FP Básica, FP grao medio, Bacharelato, etc.).
- Intervencións de asesoramento individuais cos alumnos que o soliciten despois da implementación do programa de orientación vocacional.
- Visitas dos alumnos/as dos centros adscritos ao centro educativo. Iniciación do Plan de Acollida para o vindeiro curso. Protocolo COVID
- Seguimento das actuacións do PAT para este trimestre.
- Preparación da sesión de avaliación final e o Consello Orientador.
- Avaliación do PAT e POAP e propostas de mellora, realización da memoria final.
- Ó longo de todo o curso:
 - Seguimento e coordinación dos Plans de Actuación: PAT, POAP e Plan de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.
 - Coordinar e presidir as reunións do DO do centro e cos centros adscritos
 - Asistir ás reunións da CCP trimestralmente e aos Claustros
 - Realizar reunións de coordinación co resto do profesorado e cos pais dos alumnos/as.
 - Coordinar reunións con servizos externos ao centro (servizos sociais, EOE..)

8. AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO

A avaliación do Plan de Orientación terá carácter formativo, contemplando distintos momentos e favorecendo desta forma una avaliación de carácter global. Os momentos serán:

- Avaliación Inicial. Co fin de detectar as necesidades de orientación, corresponderíase coa fase de Identificación de Necesidades.
- Avaliación Continua e Formativa. Con un carácter reorientador, para adoptar as decisións oportunas para o adecuado desenvolvemento do proceso orientador.
- Avaliación Final. Co fin de avaliar o plan en si mesmo, a través de criterios e indicadores de avaliación, como:
 - Adecuación ao contexto, dos recursos dispoñibles, de finalidades previstas...
 - Funcionalidade das actuacións propostas á hora de dar resposta ás situacións plantexadas, das técnicas e instrumentos utilizados...
 - Contextualización: ten en conta o PEC, as necesidades dos alumnos...
 - Relevancia das actuacións propostas para dar resposta ás necesidades detectadas.
 - Implicación dos diferentes membros da comunidade educativa.
 - Coordinación dos responsables.
 - Proxección cara o exterior: cooperación con institucións, empresas e outros axentes sociais.
 - Satisfacción dos participantes co desenvolvemento do proceso, resultados obtidos, cumprimento das expectativas iniciais...

Para levar á práctica este proceso de avaliación recorreremos a Técnicas e Instrumentos de Avaliación, como:

- Técnicas: observación sistemática, cuestionarios de avaliación (para pais, alumnos, titores e equipo docente) e autoavaliación, entrevistas...
- Instrumentos: cuestionarios, listas de control, escalas de estimación...

Serán Responsables de esta avaliación: o Departamento de Orientación, titores, Equipo Directivo, Claustro, CCP, alumnado e familias.

O seguimento do Plan de Orientación levarase a cabo a través das reunións mensuais da CCP, reunións do DO, reunións de coordinación dos titores e DO, reunións do Claustro e nas sesións de avaliación.

Este proceso culminará coa elaboración da Memoria Anual do Departamento de Orientación cuxa redacción corresponde á xefa do mesmo.

9. PROPOSTAS DE MELLORA

Na memorial final do Departamento, estableceranse aqueles aspectos a mellorar do Plan así como as actividades concretas que se organizaron relacionadas cos distintos ámbitos de actuación da orientación: Atención a Diversidade e apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe, Acción titorial e Orientación académica-profesional.

EN VILALONGA, A 15 DE SETEMBRO DE 2022

ASDO: XEFA DO DPTO DE ORIENTACION

Sara Gómez Camiña

PROGRAMACIÓN ANUAL DA AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

CURSO 2022-23

IES DE VILALONGA (SANXENXO)

PROF. DE P.T. : M^a CARMEN DE LA MAZA BARROS

CURSO 2022-23

1. INTRODUCCIÓN

2.CONTEXTO

3. CARACTERÍSTICAS DOS ALUMNOS

4. ORGANIZACIÓN DA RESPOSTA EDUCATIVA.

4.1. A UNIDADE DE PT : ASPECTOS ORGANIZATIVOS E FUNCIONAIS

5. NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECÍFICAS

6. OBXECTIVOS PROPOSTOS NA AULA DE PEDAGOXÍA-TERAPÉUTICA

7. INTERVECIÓN DA MESTRA ESPECIALIZADA EN PEDAGOXÍA-TERAPÉUTICA

7.1 A NIVEL DO ALUMNO

- Competencias básicas
- Desenvolvemento curricular
- Programas específicos
- Actividades-tipo.
- Metodoloxía
- Recursos
- Temporalización
- 40Avaliación

7.2. A NIVEL DE CONTEXTO

- Actuaciones en el aula de apoio.
- Actuaciones con la familia.
- Actuaciones del D.O.

8. PROCEDEMENTO DE REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN

1. INTRODUCCIÓN

Esta programación de aula é un documento de planificación educativa que constitúe un conxunto de medidas de atención a diversidade planificadas en base a un análise das necesidades e articuladas cos distintos documentos de planificación do centro. Está elaborada tendo en conta as finalidades educativas do Centro, é unha concreción das medidas contempladas no Plan de Atención a Diversidade, que forma parte do Proxecto Curricular.

Tal e como define o noso actual Sistema Educativo, a escola **COMPENSIVA E INCLUSIVA, ABERTA A DIVERSIDADE**, caracterízase por establecer unhas ensinanzas obrigatorias para todos os alumnos de 6 a 16 anos, propoñendo obxectivos comúns para todos os alumnos e unha configuración flexible que se adapte aos diferentes contextos sociais, económicos, culturais..., así como ás distintas capacidades intelectuais, psíquicas, sensoriais e motóricas dos individuos. Esta diversidade que atopamos a pe de rúa, no ámbito educativo dará lugar a unhas necesidades educativas especiais (NEE) ; dependendo do grao de éstas ,destinaráanse os recursos tanto persoais como materiais, postos a disposición do Sistema Educativo para dar unha resposta axeitadas as mesmas. De entre os recursos persoais , destacamos ao mestre especialista en pedagogía terapéutica, punto de referencia para atención ás NEE dende o centro ordinario.

2. CONTEXTO

O I.E.S. de Vilalonga está emprazado nunha zona rural, no lugar da Salgueira, parroquia de Vilalonga, concello de Sanxenxo (Pontevedra), e comezou a súa actividade en novembro de 1980 como instituto de Formación Profesional. En 1989 fundiuse baixo a denominación actual co Instituto de Bacharelato que se creara ao seu carón.

A oferta educativa do Centro abarca desde a ESO e o Bacharelato (Científico-Tecnolóxico e de Humanidades e Ciencias Sociais), os Ciclos Formativos de Grao Medio (Xestión Administrativa e Electromecánica de Vehículos) e Superior (Administración e Finanzas), a Formación Profesional Básica (Mantemento de Vehículos e servizos Administrativos) até a ensinanza de adultos (Nivel II de Educación Secundaria de Adultos e a Oferta Modular do Ciclo Medio de Xestión Administrativa).

Respecto do alumnado, debemos distinguir dous grupos: o que chega para cursar o 1º curso nos distintos niveis e os que xa son alumnos do Centro nos demais cursos. No

primeiro grupo atópase alumnado de 1º de ESO, que provén maioritariamente dos tres centros adscritos de Primaria, (Vilalonga, Nantes e Noalla), mentres que en 1º de Bacharelato a procedencia é do noso Centro (4º de ESO), do IES de Sanxenxo, do IES de Meaño e do centro concertado Abrente. No que respecta aos Ciclos Formativos, unha parte do alumnado tamén é do propio Centro e o resto ten distinta orixe: Sanxenxo, Meaño, O Grove e mesmo Pontevedra. Nos restantes cursos de ESO, Bacharelato e Ciclos o alumnado é o que prosegue os seus estudos, ao que ocasionalmente se suma algún outro que cambia de centro por diversos motivos.

O perfil do alumnado na zona de influencia do centro ten un trazo destacado na falta de esforzo e de valoración do estudo favorecidas polas dúas actividades económicas máis influentes nos concellos de orixe, que son a vitivinícola e a de servizos no turismo.

Deste xeito, a ligazón do alumnado a estas actividades reduce, ao longo do curso e sobre todo na convocatoria extraordinaria de xuño, o seu rendemento académico como resultado da importancia que no ámbito familiar se lle concede ao diñeiro como meta social. Esta dificultade faise máis patente na secundaria obrigatoria e no 1º curso de Bacharelato porque este alumnado amosa problemas de aprendizaxe por non ter desenvoltas as habilidades necesarias para o estudo dado que lles custa traballo aprender e non están afeitos a esforzarse. Por outra parte, os casos de indisciplina tenden a reducirse nos últimos anos e están localizados case exclusivamente nos primeiros cursos do ensino obrigatorio (1º e 2º de ESO e F.P.B.).

A aula de apoio do IES de Vilalonga está formada por alumnos do 1º ciclo da ESO (de 1º e de 2º) .

3. CARACTERÍSTICAS DOS ALUMNOS.

Tras revisar os informes do curso pasado, neste curso 2022-23 serán atendidos dezasete alumnos dos que: Cinco alumnos teñen A.C.I. (un de 1º de ESO e catro de 2º de ESO). de 1º da ESO están pendentes de que se lles faga a Evaluación Psicopedagóxica, xa que presentan moitas dificultades, é posible que tamén teñan unha A.C. nas áreas instrumentais.

Os alumnos que proceden dos centros adscritos e que se incorporaron neste curso ao noso IES nos seus informes veñen reflexadas algunhas das necesidades que presentan: Unha alumna con discapacidade intelectual e pendente de valorar para unha posible

A.C., cinco alumnos con Dificultades Específicas de Aprendizaxe, tres alumnos diagnosticados con dislexia, un alumno con TDA e o resto dos alumnos con informes da P.T. e A.L. presentan a maioría dificultades de aprendizaxe nas áreas instrumentais e contemplan a necesidade de recibir medidas de apoio, xa que algúns non acadaron os obxectivos da EP.

Os alumnos que precisen medidas de apoio incorporaranse á aula de apoio despois dos resultados obtidos na avaliación inicial así como ao longo do curso a medida que vaian xurdindo novas necesidades de apoio educativo nos, estes recibirán reforzo educativo por parte da P.T. dentro e fora da aula dependendo da necesidade.

O apoio dos alumnos que teñen A.C. será na aula ordinaria e na aula de PT o resto dos alumnos que presenten necesidades de aprendizaxe o apoio será na aula ordinaria. Tamén haberá un apoio que será dentro da aula ordinaria nos cursos de 1º e 2º da ESO, xa que é unha medida que ten a finalidade de poder axudar a máis alumnos que presentan algunhas dificultades puntuais e que así poidan levar a cabo o currículo de forma ordinaria e só con un reforzo educativo. Neste apoio teránse en conta todas as medidas de seguridade como distancia de seguridade, non compartir material, etc.

Os alumnos que presentan un desfase curricular significativo e teñen unha ACI nas áreas instrumentais, recibirán unha parte do apoio na aula de P.T., aínda que se priorizará o apoio dentro da aula ordinaria.

Os alumnos de 2º de ESO, un deles con TEA e catro con A.C. tamén terán reforzo na aula ordinaria e se é preciso en momentos puntuais saíran á aula de apoio.

Os demais alumnos novos no centro e que nos seus informes veña reflexado que reciban medidas de apoio para poder superar as súas dificultades de aprendizaxe. Iránse incorporando despois dos resultados da avaliación inicial.

En xeral pódese dicir que as maiores dificultades con que tropezan nas súas tarefas de aprendizaxe son a linguaxe e procesamento da información. É dicir, presentan déficit en expresión e comprensión oral e escrita e en cuestións de razoamento e pensamento abstracto. Como consecuencia, fracasan na maior parte das asignaturas, apreciando nalgúns casos pouca motivación e interese pola vida escolar. Presentan unha gran pobreza na súa linguaxe (tanto no plano comprensivo como no expresivo), de

vocabulario , mala estruturación nas frases, omisións e substitucións de elementos da oración , etc.

Os alumnos da aula de apoio pertencen ao:

➤ 1º ciclo da ESO . 1º ESO :

- Un alumno con discapacidade intelectual, ten unha ACI, repite curso.
- Unha con discapacidade intelectual, pendente de valorar para posible ACI.
- Tres alumnos con Dificultades Específicas de Aprendizaxe.
- Dous alumnos con TDAH , un deles repite curso.
- Tres alumnos diagnosticados de DISLEXIA.

➤ 2º ESO :

- Un alumno con TEA .
- Dous alumnos con situación de vulnerabilidade socieducativa e con A.C. nas áreas instrumentais.
- Cinco alumnos con Dificultades Específicas de Aprendizaxe e dous deles con A.C. nas áreas instrumentais.

4. ORGANIZACIÓN DA RESPOSTA EDUCATIVA

As sesións de apoio están organizadas en función das necesidades que presentan os alumnos. Para estes alumnos que teñen A.C.I. as sesións semanais están repartidas entre as áreas instrumentais de Lingua Castelá, Lingua Galega e Matemáticas e os apoios relízanse, na aula ordinaria e na aula de Pedagogía Terapéutica . O resto dos alumnos que non teñan A.C. os apoios estableceranse na aula ordinaria sempre que se poidan levar a cabo gardando a distancia de seguridade en caso contrario incorporaranse a aula de apoio.

Unha vez incorporados a aula de pedagogía terapéutica os alumnos realizan unha avaliación inicial para saber cal é o seu nivel curricular.

Os instrumentos para a realización da avaliación inicial serán fichas de observación e a realización de probas orais e escritas que analizarán os seguintes aspectos:

- Lingua oral
- Lingua escrita
- Conceptos matemáticos
- Conceptos xerais

□ Atención -Memoria

● **Nas áreas das linguas**

Os resultados da avaliación inicial , indicaron uns niveis curriculares bastante inferiores aos esperados, en canto a velocidade lectora, a comprensión lectora, expresión escrita cando se trata de textos cortos e sinxelos algúns non teñen dificultades, pero cando a súa

extensión aumenta tamén o fan as dificultades , pero sen dúbida as maiores dificultades encontradas en ambos grupos foron na expresión oral e escrita debido en gran medida a falta de vocabulario.

● **Área de Matemáticas**

Case todos os alumnos presentan grandes dificultades na resolución de problemas, a moitos deles resultalles complicado resolver problemas cunha única operación. En moitos casos esta dificultade deriva da falta de comprensión lectora, que lles leva a non entender o que o problema plantea.

Todo isto levome a tomar a decisión de dividir o tempo asignado . Na metade das sesións traballarán os aspectos antes mencionados nos que os alumnos/as presenten dificultades e na outra metade das sesións se adicarán a consecución dos obxectivos e contidos plantexados nas áreas das Linguas e na área de Matemáticas, de maneira que os alumnos que asistan á aula de PT non perdan o fío de referencia co seu grupo/clase aínda que nalgúns casos estes obxectivos e contidos veranse adaptados a súas necesidades establecidas nas súas A.C.I.S

No caso do alumno que presenta TEA presenta unha serie de dificultades de aprendizaxe e nas habilidades sociais , resultantes da súa particular forma de procesar a información e de outros síntomas presentes no trastorno polo que require unha serie de adaptacións metodolóxicas e apoios que lle permitan adquirir de forma máis axeitada os coñecementos impartidos na aula , así como previr posibles problemas de conducta e mellorar a súa adaptación social.

Algunhas orientacións a ter en conta son: Uso de axendas persoais, instrucións sinxelas, estruturadas e claras, anticipación da información, acompañar a información con exemplos concretos , darlle unha axuda para que recoñeza as diferentes situacións onde pode empregar estratexias xa aprendidas, intercalar actividades que lle resulten motivantes ou fáciles con outras que non o son para manter un nivel adecuado de

motivación, o máis axeitado é que toda a información se apoie de forma visual porque lle resultará máis sinxelo procesala.

Cos alumnos diagnosticados de dislexia tamén hai que ter en conta unha serie de adaptacións metodolóxicas e apoios que lle van a permitir adquirir de forma máis axeitada os contidos de aprendizaxe. Algunhas das adaptacións son: Proporcionarlle con antelación o material escrito necesario para seguir a clase, debido a que estos alumnos teñen dificultades para atender e tomar notas ao mesmo tempo, asegurarnos de que entende as tarefas plantexadas, proporcionarlle explicacións orais e escritas clara, sinxelas e secuenciadas en pasos, permitirlle o uso das TICs na aula, utilizar apoios visuais, corrixir as tarefas de forma individual valorando os seus traballos polo seu contido e non por súa forma, darlle tempo necesario para rematar as tarefas, reforzalo positivamente, na medida do posible usar a avaliación oral en lugar da escrita, evitar copiar as preguntas dun exame e mellor darllas impresas.

ATENCIÓN A DIVERSIDADE

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro.

A diversidade é unha realidade social e, por tanto, unha realidade en cada centro docente, en cada comunidade educativa. E a resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada proxecto educativo, en cada ensinanza, na coordinación docente, na atención a cada alumno e a cada alumna, na oferta de recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e á súa preparación para convivir e participar, de xeito autónomo, nunha sociedade democrática.

Por atención a diversidade no sistema educativo hai que entender o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións e intereses, e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Todo isto non pode facerse sen un sistema educativo que promova que cada centro docente deseñe e desenvolva un proxecto educativo propio, guiado polos valores da inclusión, a igualdade, a colaboración e a calidade ,entre outros . Do que se trata é de garantir unha educación de calidade para a totalidade do alumnado , sen ningún tipo de discriminación, e a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento persoal.

4.1. A UNIDADE DE PT : ASPECTOS ORGANIZATIVOS E FUNCIONAIS

Según establece a Orde do 8 de setembro de 2021, no seu artigo 57 :

1. A intervención profesional do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica débese entender como un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
2. O profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica realizarán as seguintes funcións:
 - Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.
 - Prestar atención docente directa ao alumnado indicado no punto 1, segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola xefatura do departamento de orientación, á xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro docente. Esa atención en ningún caso substituirá a do profesorado titor nin a do profesorado que imparta as áreas ou materias en que o alumnado reciba o apoio.
 - Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende, segundo as directrices recollidas no Plan xeral de atención á diversidade, en colaboración co profesorado da área ou da materia que corresponda e segundo a orientación e o asesoramento da xefa ou do xefe do departamento de orientación.
 - Colaborar, de ser o caso, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así como no seu seguimento e avaliación.
 - Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezcan a inclusión da diversidade do alumnado.

- Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.
- Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou cada alumno a quen prestase apoio, coordinado pola xefatura do departamento de orientación e segundo o modelo facilitado polo departamento de orientación, que se incluírá no seu expediente.
- Aqueloutras funcións que a Administración educativa , dentro do ámbito das súas competencias, lle poda asignar referidas á inclusión, á orientación, e á atención á diversidade.

A nivel xeral, estas funcións podense agrupar en 5 grandes ámbitos de actuación:

- Actuacións de planificación.
- Actuacións de coordinación.
- Actuacións de elaboración e adaptación do material.
- Actuación de atención directa cos alumnos.

Neste curso 2022/23 a actuación da mestra especialista en PT, vai a estar centrada nos alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo, incluíndo os alumnos seguintes :

- Alumnado con Necesidades Educativas Especiais.
- Alumnado con Dificultades de Aprendizaxe.

Tendo presente a súas características individuais , nivel de competencia curricular, características persoais, motivación, ritmo e estilo de aprendizaxe, a intervención educativa vai ir dirixida fundamentalmente a compensar as dificultades de aprendizaxe e Necesidades Educativas Especiais, que presenten nas áreas instrumentais principalmente (Lingua Castelá, Lingua Galega e Matemáticas) .Esta resposta educativa irá dirixida a adquisición de técnicas, habilidades, actitudes e destrezas básicas que axuden a mellorar o traballo e acadar un mellor desenrolo da personalidade dos alumnos.

Alumnado atendido pola mestra de apoio no curso 2022/23 :

a) 1º ESO

- Un alumno con discapacidade intelectual, ten unha ACI, repite curso. (6 h. semanais en LC, LG e MAT dentro e fora da aula ordinaria)
- Unha con discapacidade intelectual, pendente de valorar para posible ACI.

(6 h. semanais en LC, LG e MAT dentro e fora da aula ordinaria)

- Tres alumnos con Dificultades Específicas de Aprendizaxe. (6 h. semanais en LC, LG e MAT, dentro da aula ordinaria)
- Dous alumnos con TDAH , un deles repite curso. (6 h. semanais en LC, LG e MAT, dentro e fora da aula ordinaria)
- Tres alumnos diagnosticados de DISLEXIA. (6 h. semanais en LC e LG, dentro da aula ordinaria)

B) 2º ESO

- Un alumno con TEA .(5 h. semanais en LC, LG e MAT, dentro da aula ordinaria)
- Dous alumnos con situación de vulnerabilidade socieducativa e con A.C. nas áreas instrumentais.
- Cinco alumnos con Dificultades Específicas de Aprendizaxe e dous deles con A.C. nas áreas instrumentais. (5h. Semanais dentro da aula ordinaria)

. A organización do apoio. Criterios e Horarios.

Unha das medidas específicas para atender ao alumnado con NEAE será a realización de Adaptacións Curriculares Significativas . Estas supoñen a modificación na programación que afectarán a consecución dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación na materia adaptada. Estas adaptacións faranse buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias claves

Tamén poderán realizarse Programas de Reforzos de Aprendizaxe. Estes supoñen modificacións na proposta pedagóxica ou programación da materia obxecto de adaptación, na organización, temporalización e presentación de contidos, nos aspectos metodolóxicos (modificacións nos métodos, técnicas e estratexias de ensinanza-aprendizaxe, nas actividades e tarefas programadas e nos agrupamentos do alumnado dentro da aula) así como, nos procedementos e instrumentos de avaliación.

Horario de intervención

Na organización do horario intentouse priorizar a atención do alumnado nas materias de Lingua Castelá, Lingua Galega e Matemáticas

Os horarios son flexibles e están suxeitos a revisións e modificacións ao longo do curso, dependendo das necesidades que vaian xurdindo.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
08:30- 09:20	LINGUA 1º A	GARDA	MAT. 1º B	LINGUA 1º A	MATEM. 1º B
09:22- 10:12	MAT. 2º C	LINGUA 2º C		MAT. 2º A	MATEM. 1º A
	RE	CRE	O		
10:27– 11:17	LENGUA 1º A	MAT. 2º C	LINGUA 2º A	LENGUA 2º C	AT. A PAIS
11:19- 12:09	MAT. 1º A	LENGUA 2º C LENGUA 2º A	LENGUA 1º B	GARDA	
	RE	CRE	O		
12:28 -13:18	LENGUA 2ºA	LINGUA 1º B		LENGUA 1º A	
13:20 – 14:10		LENGUA 1º B	LINGUA 1º B		
16:15 – 17:06					
17:07- 17:57					

5. NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS.

As necesidades educativas especiais máis frecuentes que foron detectadas nos alumnos que asisten a aula de apoio son:

- Necesidade de desenvolver estratexias para aumentar e manter a atención.
- Necesidade de mellorar o seu nivel de lecto-escritura.
- Necesidade de mellorar a súa comprensión oral e escrita e aumentar o seu vocabulario
- Necesidade de fomentar as relacións sociais no seu entorno social.
- Necesidade de percibir a funcionalidade das aprendizaxes.
- Necesidade de desenvolver a súa seguridade e confianza.
- Necesidade de profundizar no coñecemento básico dos números e operacións.
- Necesidade de desenvolver as habilidades básicas :razoamento, memoria e atención.

- Necesidade da utilización de materiais e recursos de apoio que favorezcan a motivación e o grado de comprensión.
- Necesidade de traballar en situacións grupais estruturados e dirixidos para aprender e traballar en grupo.
- Necesidade de anticipar as tarefas a realizar na axenda.
- Necesidade de transmitir as instrucións de forma clara, concreta e sinxelas.
- Necesidade de manexar o uso de recursos informáticos (uso de aula virtual, correo, google classroom, videos de youtube)

6. OBXECTIVOS XERAIS PROPOSTOS NA AULA DE PT PARA O CURSO 2022-23

Tendo en conta os obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria dende a aula de PT os obxectivos xerais propostos para os alumnos que presentan necesidades específicas de apoio educativo son os seguintes:

1. Mellorar o seu rendemento académico nas áreas de cara a consecución dos obxectivos que se propoñen para o alumnado.
2. Proporcionar ao alumnado unha resposta educativa axeitada que favoreza o desenvolvemento integral.
3. Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado.
4. Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos adaptados as súas capacidades en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
5. Valorar a escritura como medio para mellorar as aprendizaxes e como estímulo de desenvolvemento persoal.
6. Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude
7. Comprender o sentido global dos textos leídos (obter información literal dun texto, realizar frases que resuman o contido dun texto leído).
8. Mellorar a lectoescritura en todas as súas facetas: comprensión, expresión, ortografía, caligrafía...
9. Falar e expresarse a correctamente, tendo en conta a entoación, o xesto e o uso das normas lingüísticas.

10. Planificar actividades de inserción e promoción dos NEAE.
 11. Elaborar e adaptar os recursos e o material didáctico ás necesidades para garantir a mellor resposta educativa.
 12. Iniciar ao alumnado na utilización de formas de pensamento lóxico na resolución de problemas e adquirir un dominio adecuado das operacións básicas.
 13. Organizar e relacionar informacións diversas para á consecución dun obxectivo ou á resolución dun problema, xa sexa do entorno das matemáticas ou da vida cotiá.
 14. Sensibilizar ao profesorado, en particular aos titores, para a detección de necesidades educativas específicas de aprendizaxe.
 15. Colaborar na elaboración de rexistros de avaliación.
 16. Individualizar os procesos de ensinanza con tal de adaptarse aos requerimentos e características de cada alumno.
 17. Establecer cauces de colaboración entre os diversos profesores que interveñen cos alumnos de necesidades educativas específicas.
 18. Mellorar a motivación cara o estudo.
17. Proporcionar ao alumnado estratexias de coñecemento informático para que se desenvolva axeitadamente no seu aprendizaxe
18. Facilitar o uso e utilización da vía telemática (aula virtual, correo, etc) para o envío das tarefas así como a comunicación coas familias.

7. INTERVERCIÓN DA MESTRA ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA-TERAPÉUTICA

7.1 A NIVEL DO ALUMNO

COMPETENCIAS BÁSICAS

Durante este curso nas áreas das Linguas e na área de Matemáticas contribuirase ao desenvolvemento das seguintes competencias básicas:

Competencia na Comunicación Lingüística (CCL) supón interactuar de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con diferentes propósitos comunicativos. Implica mobilizar de maneira consciente, o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes que permiten comprender, interpretar e valorar criticamente mensaxes orais, escritos, signados ou multimodais evitando os riscos de manipulación e desinformación, así

como comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira cooperativa, creativa, ética e respetuosa.

A competencia en comunicación lingüística constitúe a base para o pensamento propio e para a construción do coñecemento en todos os ámbitos do saber .

Para lograr a adquisición de esta competencia o alumnado debe:

- Comprender e producir mensaxes orais que teñan finalidade didáctica ou de uso cotiá.
- Participar activamente en intercambios comunicativos orais respetando as normas que os rixen.
- Comprender diferentes clases de textos escritos , incluíndo textos con finalidade didáctica, textos propios de situacións cotidiás de relación social ou textos procedentes dos medios de comunicación.
- Por en práctica os coñecementos e as estratexias necesarias para escribir correctamente.
- Escribir textos relacionados co ámbito escolar e con situacións cotidiás de relación social ou textos de información e opinión.
- Ler e comprender de forma autónoma textos literarios adecuados as súas necesidades.
- Manifestar interés pola lectura e a escritura como instrumentos para relacionarnos cos demais e para aprender .

Competencia plurilingüe (CP) implica utilizar distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre linguas, incluídas as clásicas, e, de ser o caso, manter e adquirir destrezas na lingua ou linguas familiares e nas linguas oficiais.

Para lograr a adquisición de esta competencia o alumnado debe:

- Usar eficazmente unha ou máis linguas , ademais da lingua ou linguas familiares, para responder as súas necesidades comunicativas, de maneira apropiada e adecuada tanto ao seu desenvolvemento e intereses como a diferentes situacións e contextos dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional.

- Realizar transferencias entre distintas linguas como estratexias para comunicarse e ampliar o seu repertorio lingüístico individual.
- Coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural presente na sociedade, integrándoa no seu desenvolvemento persoal como factor de diálogo, para fomentar a cohesión social.

Competencia Matemática e competencia en ciencia , tecnoloxía e enxeñería (STEM) entraña a comprensión do mundo utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos de enxeñería para transformar a contorna de forma comprometida, responsable e sustentable. A competencia matemática permite desenvolver e aplicar a perspectiva e o razoamento matemáticos co fin de resolver diversos problemas en diferentes contextos.

A competencia en ciencia supón a comprensión e explicación da contorna natural e social, utilizando un conxunto de coñecementos e metodoloxías , incluídas a observación e a experimentación, co fin de formular preguntas e extraer conclusións baseadas en probas para poder interpretar e transformar o mundo natural e o contexto social.

A competencia en tecnoloxía e enxeñería comprende a aplicación dos coñecementos e metodoloxías propios das ciencias para transformar a nosa sociedade de acordo coas necesidades ou desexos das persoas nun marco de seguridade, responsabilidade e sustentabilidade.

Para lograr a adquisición desta competencia os alumnos deben:

- Coñecer e valorar a presenza das informacións numéricas na vida cotidiá, manexar os números nos seus diferentes contextos e emplealos coas distintas finalidades.
- Realizar cálculos con números, identificando situacións onde sexan necesarios e expresando o proceso seguido.
- Utilizar instrumentos de medida, estimar medidas de magnitudes e expresar los resultados na unidade adecuada.
- Recoñecer a presenza de líneas, formas y corpos xeométricos realidade, aplicar as súas características para describir situacións e utilízalas con

distintos fins.

- Utilizar e elaborar estratexias de resolución de problemas, elixir a máis adecuada en cada caso e aplicala seguindo un proceso de resolución ordeado.
- Recoller datos e informacións do entorno que lle rodea, representar a información nas distintas formas, interpreta-la e producir mensaxes con ela.
- Recoñecer a presenza e o papel das Matemáticas no noso mundo, valorar a importancia da creatividade e o rigor a utilizalas e confiar nas súas propias habilidades .
- Utilizar o pensamento científico para entender e explicar os fenómenos que ocorren ao seu arredor .
- Realizar de forma guiada, proxectos, deseñando, fabricando e avaliando diferentes modelos, adaptándose ante a incerteza, para xerar en equipo un produto que dean solución a unha necesidade ou problema de forma creativa.

Competencia dixital (CD) implica o uso seguro , saudable , sustentable, crítico e responsable das tecnoloxías para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade , así como a interacción con estas.

Para lograr a adquisición da competencia dixital os alumnos deben:

- Empregar distintas fontes para a búsqueda de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA) implica a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para autocoñecerse , aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente; colaborar con outros de forma constructiva; manter a resiliencia; e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida. Inclúe tamén a capacidade de lle facer fronte á incerteza e á complexidade; adaptarse aos cambios ; aprender a xestionar os procesos metacognitivos ; identificar conductas contrarias á convivencia e desenvolver

estratexias para abordalas; contribuir ao benestar físico, mental e emocional propio e das demais persoas, desenvolvendo habilidades para coidarse a si mesmo e a quen o rodea a través da corresponsabilidade ; ser capaz de levar uha vida orientada ao futuro; así como expresar empatía e abordar os conflitos nun contexto integrador e de apoio.

Para lograr a adquisición da competencia persoal, social e de aprender a aprender os alumnos deben:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas.
- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.

Competencias cidadá (CC) contribúe a que alumnas e alumnos poidan exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente a vida social e clivica, baseándose na comprensión dos conceptos e nas estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, así como no coñecemento dos acontecementos mundiais e o compromiso activo coa sustentabilidade e o logro dunha cidadanía mundial. Inclúe a alfabetización civica , a adopción consciente dos valores propios duynha cuyktyra democrática fundada no respecto aos dereitos humanos, a reflexión critica sobre os grandes problemas éticos do noso tempo e o desenvolvemento dun estilo de vida sustentable.

Para lograr a adquisición da competencia cidadá os alumnos deben:

- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores

Competencia emprendedora (CE) implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesariso para xerar resultados de valor para outras persoas. Achega estratexias que permiten adaptar a mirada para detectar necesidades e oportunidades ; adestrar o pensamento para analizar e avaliar a contorna, e crear e reformular ideas utilizando a imaxinación, a creatividade, o pensamento estratéxico e a reflexión ética,

crítica e construtiva dentro dos procesos creativos e de innovación ; e espertar a disposición para aprender, a arriscar e a afrontar a incerteza. Así mesmo, implica tomar decisións baseadas na información e o coñecemento e colaborar de maneira áxil con outras persoas, con motivación, empatía e habilidades de comunicación e de negociación para levar as ideas expostas á acción mediante a planificación e xestión de procesos sustentables de valor social, cultural e económico-financiero.

Para lograr a adquisición da competencia emprendedora os alumnos deben:

- Analizar necesidades e oportunidades e afrontar retos con sentido crítico.
- Avaliar as fortalezas e debilidades propias, facendo uso de estratexias de autoconñecemento e autoeficacia.
- Desenvolver o proceso de creación de ideas e solucións e toma de decisións, de maneira razoada utilizando estratexias áxiles de planificación e xestión.

Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC) supón comprender e respectar o modo en que as ideas, as opinións, os sentimentos e as emocións se expresan e se comunican de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais. Polo tanto require a comprensión da propia identidade en evolución e do patrimonio cultural nun mundo caracterizado pola diversidade , así como a toma de conciencia de que a arte e outras manifestacións culturais poden supoñer unha maneira de mirar o mundo e darlle forma.

Para lograr a adquisición da competencia en conciencia e expresión culturais os alumnos deben:

- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.

Para lograr a adquisición da **competencia do espírito emprendedor(CSIEE)** os alumnos

- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previo
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

Proposta curricular e áreas de desenvolvemento

Os obxectivos curriculares xerais e de Áreas de desenvolvemento que se pretenden acadar co noso alumnado son:

- Adquirir unha competencia lingüística tanto oral como escrita que permita o desenvolvemento eficaz no entorno escolar, familiar e social.
- Desenvolver un nivel de competencia matemática e numérica funcional que contribúa eficazmente ao seu desenvolvemento autónomo.
- Desenvolver un nivel de coñecementos axustado ao medio natural, social e cultural no que se atopa inmerso o alumno.
- Desenvolver habilidades básicas como a memoria, a atención, a concentración, o razoamento,..., que inciden directamente no desenvolvemento doutras áreas, favorecendo un estilo cognitivo reflexivo que elimine a impulsividade.
- Potenciar a autonomía do alumnado tanto a nivel persoal e social como a nivel curricular.
- Desenvolver un autoconcepto equilibrado e unha autoestima axustada ás súas posibilidades como base para o éxito persoal.
- Adquirir e consolidar hábitos adecuados que faciliten a socialización e relacións persoais, rexeitando a violencia e os prexuízos de calquera tipo para resolver pacíficamente os conflitos.
- Desenvolver e consolidar hábitos básicos de disciplina, estudo e traballo individual e como equipo como condición necesaria para o desempeño efectivo das tarefas e como medio de desenvolvemento persoal.

Para acadar estes obxectivos, o noso traballo xirará arredor da implantación e avance das diferentes propostas curriculares e programas específicos:

Fortalecemento e adquisición dos obxectivos marcados nas áreas instrumentais básicas

O apoio levarase a cabo nas áreas das Linguas e Matemáticas correspondente ao nivel de competencia curricular e ao grupo ordinario de cada un dos alumnos

Dada a heteroxeneidade e as diferentes necesidades do noso alumnado, os obxectivos e contidos que se desenvolverán nestes reforzos corresponderán aos do primeiro ciclo da ESO .A concreción destes obxectivos e contidos para cada caso particular recolleráse nun Plan de Acción para cada un dos alumnos. Estes Plans partirán da Avaliación Inicial

do alumnado e tamén das súas necesidades observadas así como a Adaptación Curricular de cursos anteriores.

PROGRAMAS ESPECÍFICOS.

Os programas de intervención específicos son o conxunto de actuacións que se planifican co obxectivo de favorecer o desenvolvemento mediante a estimulación dos procesos implicados na aprendizaxe (percepción, atención, memoria, intelixencia, metacognición, estimulación da linguaxe e a comunicación, conciencia fonolóxica, habilidades sociais, xestión das emocións, autocontrol, autoconcepto, autoestima...) que faciliten a adquisición das distintas competencias clave. Axustándose as necesidades do alumnado, os programas que se levarán a cabo ao longo do curso na aula de apoio á integración son:

- **Programa de conciencia fonolóxica.** Dende o enfoque psicolingüístico, para preparar ao alumno para leer, é necesario desenvolver nel habilidades que estén relacionadas coa lectura; isto: competencia lingüística e metalingüística do alumno. Polo tanto, o obxectivo que persigo coa utilización deste programa é que meu alumnado desenvolva a linguaxe oral, tanto a nivel comprensivo como expresivo, así como favorecer un certo nivel de habilidades metalingüísticas ou de reflexión sobre as unidades da fala: palabras-sílabas-fonemas.
- **Programa de desenvolvemento cognitivo:** O obxectivo que pretendo alcanzar coa aplicación deste programa é mellorar a capacidade dos alumnos e alumnas no seus procesos básicos de atención, memoria, desenvolver o pensamento representacional, así como a axeitada utilización do autocontrol no contexto escolar e social. Para fundamentar a posta na práctica deste programa parto da teoría de modificabilidade da intelixencia que propugna o modelo cognitivo e que defenden autores como Gardner, Sternberg o Feuerstein, que consideran a intelixencia como un conxunto de habilidades no proceso de desenvolvemento.
- **Programa de autoestima.** O obxectivo do presente programa es mellorar a imaxe que o alumno ten de si mesmo, lo que lle permitirá ademais a mellora de súas relacións interpersonais do grupo clase. Para iso traballaremos a autoestima no seus diferentes compoñentes: cognitivo, afectivo y conductual.

• **Programa de competencia social “Relacionarnos ben”**: É un programa dirixido á solución de problemas interpersonais, por medio do desenvolvemento de habilidades sociais e cognitivas. Con él preténdese mellorar as relacións interpersonais, previr e resolver situacións de conflictividade interpersonal, desenvolver habilidades cognitivas, sociais, control emocional e sistema de valores que favorezcan relacións interpersonais axeitadas. Con este programa ademáis fomentase a utilización da mediación verbal como regulador interno da conducta. Para a posta en práctica destes programas utilizaráanse os derradeiros minutos da sesión, tras terminar as tarefas programadas para o día.

ACTIVIDADES – TIPO

A traves das actividades -tipo preténdese que o alumnado consiga acadar os obxectivos propostos para eles . Entre as actividades-tipo que se levarán a cabo ao longo deste curso cabe destacar as seguintes:

ÁREAS DAS LINGUAS

- . Lectura de textos sinxelos.
- . Contestar a cuestións sobre un texto.
- . Realizar narracións.
- . Realizar descripcións de compañeiros e lugares.
- . Completar frases e textos.
- . Sinalar os distintos tipos de oracións.
- . Escribir sinónimos e antónimos.
- . Colocar puntos onde corresponda nun textos.
- . Escribir as distintas regras gramaticais: b/v, g/j, h, r/rr, s/x, etc.
- . Xogos de problemas verbais: ¿Que farías si...? ¿Por que?
- . Absurdos verbais.
- . Series de razoamento lóxico.
- . Relacionar con frechas.
- . Buscar palabras no dicionario.
- . Ditado / copiado.
- . Ordear alfabéticamente palabras.
- . Ordear palabras para formar oracións.

- . Acentuar palabras agudas, graves e esdrúxulas onde corresponda.
- . Identificar nomes propios e comúns nun texto.
- . Escribir oracións afirmativas, interrogativas, exclamativas e negativas.
- . Escribir o xénero e números dos nomes.
- . Sinalar os adxectivos e grao en que están nun texto.
- . Escribir unha historia a través duns debuxos.
- . Facer un cómic.
- . Escribir o final dunha historia ou conto.
- . Actividades para mellorar a atención e concentración : Identificar letras dentro dun conxunto , formar cun grupo de letras as palabras máis longas , localizar palabras sinónimas nunha táboa, encontrar palabras intrusas nunha táboa, etc.
- . Actividades empregando as TICS (coñecer o uso dos procesadores de texto para enviar tarefas á aula virtual así como envío dun documento word ao correo.
- Actividades interactivas co programa JCLIC e con o programa ARDORA, GENIALLY, GENMAGIC ,videos, e outros.

MATEMÁTICAS:

- . Dictado de números.
- . Escribir como se leen os números.
- . Descompoñer números.
- . Escribir o signo maior ou menor segundo corresponda.
- . Escribir os números romanos.
- . Continuar series, progresivas e regresivas.
- . Problemas sinxelos.
- . Realizar sumas e restas.
- . Realizar multiplicacións e divisións dunha ou varias cifras.
- . Escribir en cartulina as táboas de multiplicar.
- . Resolver problemas con varias operacións.
- . Sinalar os termos da división.
- . Realizar a proba da división.
- . Medir cun metro obxectos da aula.
- . Calcular a fracción dun número.

- . Resolver de problemas da vida diaria utilizando os euros.
- . Realizar cálculo mental.
- . Traballar diferentes unidades de medida, lonxitude, masa e capacidade.
- . Calcular con potencias.
- . Realizar operacións con fraccións.
- . Utilizar os criterios de divisibilidade.
- . Calcular o m.c.m. e o m.c.d.,
- . Coñecer as figuras de xeométricas sinxelas .
- . Usar e manexar a calculadora.
- . Montar un supermercado na aula para traballar : Uso dos euros (moedas e billetes), magnitudes, proporcionalidade, atención, memoria.
- . Actividades para mellorar a atención e la concentración: completar figuras fixándose nun modelo, sinalar con X operacións incorrectas, sinalar elementos que non pertencen a serie, etc. Series de razoamento lóxico-matemático. Xogos matemáticos en internet

Para a realización destas actividades será moi importante a colaboración co titor e os demais profesionais para flexibilizar a organización, adecuar a metodoloxía e adaptar a avaliación , baseándose nas necesidades de cada alumno para garantir a resposta educativa. Tamén habrá colaboración co profesor titor e o resto do profesorado na elaboración de reforzos educativos e A.C. e no seguimento e avaliación destes alumnos.

Participación nas sesións de avaliación do proceso de ensino aprendizaxe dos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.

Plan de traballo individual (dispoñer dun tempo para que cada alumno traballe na área ou áreas nas que presente maiores dificultades ou necesita maior nivel de afondamento, de forma independente utilizando fichas, ordenador, biblioteca... que logo se revisa por parte do profesor. Isto permite respectar o ritmo e forma de aprendizaxe de cada alumno)

METODOLOXÍA

A máxima será: **“non sempre deben facer todos os alumnos a mesma tarefa, no mesmo tempo e da mesma forma”**. As vantaxes de partir desta perspectiva entre outras son: Facilitar a participación de todos os alumnos sen que ningún quede segregado de forma automática; respectar o ritmo de desenvolvemento de cada alumno; evitar a desmotivación ao enfrontar algúns deles a actividades que non comprenden; ofrecer un repertorio variado de actividades que facilitan o acceso aos coñecementos, utilizando ritmos e tempos que respondan aos diferentes estilos e formas de aprender e favorecer a independencia nas aprendizaxes ao ensinar a traballar cada un segundo a súa tarefa asignada. As actividades presentáranse por diferentes canles de entrada da información . Facendo uso das TICs, os recursos dixitais serán de utilización preferente e as actividades educativas deseñadas poderanse desenvolver de forma presencial e non presencial.

As tarefas serán estruturadas e daranse instrucións claras e precisas. Proporcionarase secuencias de traballo mediante apoios gráficos que servan de referencia ó alumno.

En coherencia co exposto, os principios que orientan a nosa práctica educativa son os seguintes:

Aprendizaxe construtiva, onde o alumno convértese no motor do seu propio proceso de aprendizaxe ao modificar os seus esquemas de coñecemento previos. Devandita concepción constructivista permite garantir a funcionalidade das súas aprendizaxes, é dicir que sexan próximos ás súas experiencias.

Aprendizaxe significativa, ao partir do nivel de desenvolvemento do alumnado, das súas aprendizaxes previas e dos seus intereses e motivacións.

Aprendizaxe individualizante, que permite respectar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno.

Aprendizaxe cooperativa, que permite favorecer a interacción profesor-alumno e dos alumnos entre si.

Metodoloxía participativa, onde se lle concede especial importancia ás actividades grupais, a planificación e execución de tarefas en grupo, a toma de decisións en conxunto, etc. para favorecer a cooperación, o intercambio e a confrontación de opinións e a non discriminación.

En base a todo ao exposto anteriormente podemos dicir que a metodoloxía xira en torno a aprendizaxe significativa e funcional potenciando a xeneralización das aprendizaxes que realizan na aula. Neste curso preténdese facer un maior fincapé na aprendizaxe de estratexias para mellorar a lectura e a comprensión de textos así como o razoamento e a adquisición de novas aprendizaxes a través das TICS. A lectura é un factor esencial do enriquecemento intelectual e constitúe unha actividade clave na educación por ser un dos principais instrumentos de aprendizaxe, cuxo dominio abre as portas a novos coñecementos. Un deficiente aprendizaxe lector e unha mala comprensión do lido poden levar aos alumnos/ás ao fracaso escolar e persoal. Por iso, a comprensión lectora, ademais de ser un instrumento de aprendizaxe, é un requisito indispensable para que os alumnos sintan gusto pola lectura. Os propósitos da lectura son moi diversos e están sempre ao servizo das necesidades e intereses do lector. Lese para obter información, para aprender, para comunicarse, para divertirse, para vivir outras realidades. Todas estas finalidades da lectura deberán terse en conta á hora de traballar na aula, e deberán desenvolverse estratexias que faciliten ao alumno/á a súa consecución.

Aprendizaxe individualizadas, dando respostas as necesidades de cada un dos alumnos, demostrándolles seguridade de que poden aprender, valorar os seus éxitos, atribuíndoos a súa capacidade de esforzo.

Traballaremos nas áreas instrumentais das Linguas (Castelán e Galego) e Matemáticas a través de actividades realizadas no seu grupo-clase e de cadernos de traballo centrados nos contidos máis relevantes dos niveis competenciais curriculares correspondentes para cada alumnos. E tamén prestando atención as habilidades sociais para valorar a actitude no contexto escolar.

Para todo isto empregaremos tarefas que requiran da posta en práctica o uso das TICS como recurso didáctico realizando actividades que favorezcan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, así como traballos que precisen unha labor de investigación.

RECURSOS

Durante este curso, ao dar o apoio dentro da aula considerase máis óptimo utilizar os libros de texto como principal material de traballo, dando as seguintes posibles situacións:

- Para os estudantes que non necesiten programas de reforzo da aprendizaxe, traballarán cos seus correspondentes libros de ESO e materiais das súas aulas ordinario, facilitando materiais de conceptos anteriores para a súa mellor comprensión.
- Editorial Aljibe e Libros de Adaptación Curricular para 1º ESO e 2º ESO : Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.
- Libros para 1º e 2º ESO Atención á diversidade da Editorial Vicens Vives.
- Material de Atención á Diversidade Santillana.
- Ordenador (coñecemento da aula virtual para enviar e recibircir traballos, videos de distintos temas).
- Materiais específicos para traballar os dferentes aspectos: PUES...CLARO, ARCO, CEPE, JCLICK, GENMAGIG ,programa ARDORA, GENIALLY , Aprender a aprender, Libros de texto do alumno.
- Programas informáticos de comprensión lectora , de matemáticas, programas de lingua da colección ¡Al abordaje!, programas de ortografía.
- Uso da aula virtual para envío de actividades.
- Outros materiais como: fichas, debuxos, material power point e material que se irá • elaborando según sexa o avance dos alumnos, tamén teremos acceso a diferentes recursos on line, fundamentalmente videos e páxinas educativas que non permiten que os alumnos poñan en práctica os contidos teóricos que traballamos na clase.

TEMPORALIZACIÓN

Guiarase polo principio de flexibilidade. Non é algo ríxido, ao contrario, vaixe modificando en función do ritmo que marquen os propios alumnos.

A AVALIACIÓN

Será unha avaliación inicial, continua-procesual e final. Os instrumentos de avaliación deben ser moi variados e adaptables as condicións do alumnado. A observación dos procesos de ensinanza-aprendizaxe é regra básica pero, para iso deben prepararse escalas de observación, cuestionarios, entrevistas, diarios de clase, e todas as

intervencións que comprobén a aplicabilidade e a xeneralización das aprendizaxes a novas situacións, e a significatividade e funcionalidade dos procesos de ensinanza-aprendizaxe.

Na avaliación atenderase aos diferentes modos que ten o alumnado a percibir e expresar a información para garantir a comprensión e a comunicación da mesma así como o axuste de medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación e as súas circunstancias. Tamén se atenderán en todo momento aos criterios de avaliación propostos nas AC de cada alumno/a para cada unha das áreas, programados en coherencia cos obxetivos establecidos.

A avaliación tendrá un carácter continuo e formativo, orientada tanto a detectar os progresos e as dificultades dos alumnos, como á adecuación da práctica docente.

Así pois, destacanse tres momentos:

- **Avaliación Inicial** constituirá o punto de partida para orientar as decisións curriculares. Determinarase o Nivel de Competencia Curricular e as necesidades educativa. Para iso basearémonos nos Informe de Avaliación Psicopedagóxica no caso das A.C. e nos informes de cursos anteriores e os datos facilitados pola orientadora e o resto do equipo educativo de cada alumno ou alumna, así como na observación directa ou mediante pequenas actividades.

A avaliación inicial realizarase na primeira quincena do curso. Constitúe o punto de partida para organizar e secuenciar a ensinanza dos alumnos.

Estos datos serán provisionais e deberán completarse e corrixirse ao longo de todo o curso. Aplicaránse rexistros de:

- Habilidade lecto-escritura: velocidade, exactitude e comprensión.
- Escritura espontánea.
- Copia e ditado. Ortografía
- Expresión e comprensión oral.
- Numeración.
- Operacións básicas.
- Resolución de problemas funcionais e da vida diaria.
- Coñecemento do S.M.D.
- Álgebra
- Xeometría (áreas e perímetros)

- **Avaliación Continua:** para adecuar as actividades e os recursos aos obxectivos propostos. A avaliación do proceso de aprendizaxe será continua co fin de coñecer o desenvolvemento do proceso de aprendizaxe e o grao no que se acadan os obxectivos previstos nas adaptacións curriculares de cada un alumno, así como as dificultades atopadas polo alumnado. A avaliación dos nosos alumnos non debe ser unha avaliación cuantitativa, senón cualitativo, formativo e individualizado.

Ademáis tamén se tendrán en conta os seguintes aspectos:

- Valóranse no só os resultados obtidos, senon tamén o propio proceso de ensinanza-aprendizaxe. É este carácter retroactivo o que debe servir para tomar as decisións educativas.

- **Avaliación Final:** para determinar os logros obtidos polos alumnos e a adecuación da actividade docente.

Ao finalizar o curso valorarase a consecución dos criterios de avaliación do plan de traballo realizado durante o curso académico. Analizando o traballo realizado polo alumnado ao longo do curso e a información recollida diariamente; realizarase un informe de avaliación polo profesorado de PT individualizado no que se reflectirá o nivel de competencia curricular adquirido polo alumno nas áreas traballadas, as dificultades atopadas así como propostas de mellora para o curso seguinte. Este é un informe cualitativo que servirá de punto de partida para o traballo do curso seguinte. Así mesmo, cómpre sinalar que esta avaliación debe quedar reflectida na revisión das diferentes ACS de cada alumno por parte do profesor da materia

A nosa avaliación será de tipo global e en colaboración co resto do equipo profesorado. Tamen:

- Elaboráanse informes individualizados ao final do curso ou no momento que se considere necesario, complementado o dos tutores/as.
- Fázase unha valoración xeral dos progresos conseguidos polos alumnos/as en función dos obxectivos e criterios de avaliación establecidos nas ACS e entregárase un informe final do traballo realizado ao profesor tutor.
- Estas valoracións reflexarase nos documentos de avaliación do alumno/a (informe de avaliación individualizado, expediente académico e actas de avaliación). Ao concluir a programación fázase unha avaliación final dos resultados obtidos, para ver si alcanzou o proposto na programación, en que medida e que

elementos contribuíron a isto e o que lle dificultou.

Na aula de apoio levaranse a cabo probas de aprendizaxe dos contidos dados para comprobar o grado de adquisición dos obxectivos por parte dos alumnos.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS

Os procedementos e instrumentos de avaliación serán moi variados e adaptables as condicións do alumnado

Exámenese probas sobre os contidos adquiridos	Probas orais Probas escritas
Traballos e tarefas por tipoloxía	Exercicios de clase Traballo no ordenador Autoevaluación
Observación do profesorado	Rexistro anecdótico persoal Participación na clase Actitud e interese Coidado do material Colaboración Traballo en grupo, axuda mutua Seguimento e instrucción da profesora Realización de tarefas Presentación dos exames

Farase unha revisión trimestral, aínda que o seu proceso será continuo e que calquera logro valorarase independentemente do momento no que se produza.

A nota final de cada avaliación na aula de apoio será a media resultante tras aplicación de estas porcentaxes:

1. Proba escrita: 20%
2. Conceptos: 10%

3. Procedementos: 10%

4. Actitude e traballo diario: 5%

5. Caderno: 5%

De todas estas revisións estarán informados tanto os seus profesores, como os titores e as propias familias .

Aos aspectos anteriormente mencionados, poderánse añadir calquer outro parámetro que se estime necesario nun momento determinado como pode ser no suposto de ensino semipresencial ou non presencial pola situación da COVID-19 que de darse o caso utilizaremos a aula virtual do centro para realizar as tarefas e facer os exames que serán puntuados a través dos parametros establecidos no mesmo exame ou tamén mediante os documento word que seran enviados a través do correo, daránse facilidades aos alumnos con NEAE para que podan levar a cabo o seu proceso de ensinanza-aprendizaxe básico e a súa avaliación continua en todo momento.

7. 2. A NIVEL DE CONTEXTO.

- ACTUACIONES A NIVEL DE AULA ORDINARIA.

- **Planificación:** colaboración co tutor nas adaptacións da programación e diseño e elaboración das adaptacións curriculares.
- **Asesoramento:** como membro do Departamento de Orientación asesorarei ao profesorado para realizar as adaptacións necesarias na programación de aula, axustando así a resposta educativa as NEE de cada alumno.
- **Coordinación:** establecerase unha axeitada coordinación entre a maestra de PT e o equipo educativo de cada un dos grupos atendidos na aula de apoio, evitando así calquer tipo de inferencia na resposta educativa. Para iso é necesario determinar os lugares e momentos de apoio individual, tanto dentro como fora da aula, así como os obxetivos que con iso se perseguen .
- **Adaptación do material.**

- ACTUACIONES A NIVEL DE FAMILIA.

A tutoría do alumnado con NEAE é compartida polo tutor/a e a mestra de PT

- Sempre cos horarios o permitan, tratárase de citar aos pais e nais coxuntamente.

Ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe tratarase de manter informadas as familias do alumnado atendido na aula de PT.

En certas ocasións, para tratar certos asuntos, citaránse aos pais en coordinación co orientador do centro. Con cada unha das intervencións, sempre se pretende unha mellor atención e seguimento dos alumnos/as

- **DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

Será fundamental a coordinación coa orientadora mediante:

Reunións para trasladar a información relevante dos alumnos .

- A preparación e realización de forma conxunta das reunións cos profesores titores ao inicio de curso coa finalidade de asesorar ao profesorado sobre as N.E.A.E. do alumnado e as pautas para a súa resposta educativa.
- Evolución do alumnado, dificultades que vaian xurdindo na atención dos mesmos, elaboración das adaptacións, adquisición de novos materiais e así cada un dos aspectos que se deriven da atención a diversidade no centro.

8. PROCEDEMENTO DE REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN

A programación aquí presentada está sometida a avaliación continua,todos os aspectos que forman parte dela son susceptibles de cambios e melloras, sempre que se observe que os resultados acadados non son os esperados. Algúns dos aspectos que se abordarán son os seguintes:

- Adecuación dos obxectivos propostos coas necesidades e características do alumnado.
- Canle fluída de comunicación coas familias.
- Coordinación co equipo docente.
- Eficacia das medidas educativas e das decisións metodolóxicas acordadas.
- No seu caso novas propostas de mellora que se adopten.

Aspectos relevantes de la programación de aula.

O balance final da avaliación recollerase dentro da Memoria Final do Curso. Trátase dun exercicio de análise e reflexión sobre a propia práctica e o planificado.

- ✓ A programación foi axeitada para acadar os obxectivos propostos? Axustouse ás necesidades e características do alumnado?

- ✓ As actividades “compartidas”. ¿que logros e que dificultades plantexaron aos alumnos e ao profesorado?
 - ✓ Os recursos e a organización do apoio especializado foron adecuados para o desenvolvemento da programación?
 - ✓ Cales foron as dificultades máis destacadas que se plantexaron?, que solucións ou alternativas se adoptaron?
 - ✓ Tivo a familia unha cal fluída e concreta para trasvasar a información.
- Tendo en conta esta valoración tomaranse as decisións oportunas con vistas a superar as dificultades atopadas no desenvolvemento da programación ou proposta de traballo.

Vilalonga, 14 setembro de de 2022

Fdo. M^a Carmen de la Maza Barros